

CARA Á OFICIALIZACIÓN DO IDIOMA GALEGO NO ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE 1932: UN PROCESO COMPLEXO E POLÉMICO

Henrique Monteagudo

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

A pescuda na historia social do idioma galego na época contemporánea vén concitando un notable interese nos últimos anos, como testemuñan os contributos, entre outros, de María Pilar García Negro, Carme Hermida, Goretti Sanmartín Rei e Beatriz García Turnes¹. A nosa tese de doutoramento², que defendemos en 1995, debe entenderse no marco desa crecente atención prestada á historia sociolingüística de Galicia, especialmente á máis recente. Desde a data de lectura da dita tese, demos ao prelo diversos traballos dependentes de investigacións relacionadas con ela ou directamente derivados dela. O artigo que estamos a presentar procede tamén da mesma fonte; xa que logo, debe ser lido en conexión cunha serie de títulos nosos que apareceron nos últimos anos, en particular os estudos sobre o agromar do ensaio en galego no período de entreguerras, sobre as ideas lingüísticas de V. Risco, sobre a loita pola galeguización da Universidade durante a II República, sobre o debate Castelao / Unamuno nas Cortes constituíntes republicanas³, e, obviamente, a monografía *Historia Social da Lingua Galega*. Nesta dedicámoslle un es-

¹ Penso, por citar cadanseu título importante, en M. do P. García Negro, *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística*, Vilaboa, Cumio, 1991; C. Hermida, *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*, Vigo, Xerais, 1992; G. Sanmartín Rei, *Lendo nas mares. Lingua e compromiso nos paratextos (1836-1936)*, A Coruña, Espiral Maior, 2002; e G. García Turnes, *Sociedade, cultura e lingua na Galicia da Restauración (1875-1916)*, Memoria de Licenciatura (inédita), Universidade de Santiago de Compostela, 1998.

² H. Monteagudo, *Ideas e debates sobre a lingua. A. D. R. Castelao e a tradición galeguista*, Tese de doutoramento (inédita), Santiago de Compostela, 1995.

³ H. Monteagudo, “Nación/ creación. Estética e política no agromar do ensaio galego”, *Anuario de estudos literarios galegos*, 1995, 63-108; “Ideas de Vicente Risco sobre a lingua galega”, en C. Casares (coord.), *Congreso Vicente Risco*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1995, pp. 87-127; “A galeguización da Universidade durante a IIª República”, *Grial* 131 (1996), 305-330; “Castelao versus Unamuno. O debate sobre a oficialidade dos idiomas nas Cortes Constituíntes da IIª República”, en H. Monteagudo, *Castelao: defensa e ilustración do idioma galego*, Vigo, Galaxia, 2000, pp. 29-55.

pazo considerable á cuestión da oficialidade do galego na II República, tanto no nivel do Estado (Constitución republicana) coma no propiamente galego (Estatuto de Autonomía), ás propostas que xurdiron e os debates a que estas deron azo⁴. Pero nesa obra centramonos máis ben na análise dos diferentes proxectos de estatuto presentados en 1931 e os discursos sobre a(s) lingua(s) que contiñan, e limitámonos a deliñar nun resumo moi rápido as discusións que arrodearon a elaboración do proxecto de Estatuto aprobado en 1932.

Todos eses traballos deben terse en conta ao abordar o presente. Este volve sobre a cuestión ultimamente citada, atendendo agora aos debates sobre a lingua que se produciron en Galicia nos anos 1931 e 1932 co gallo do proceso autonomista, e especialmente a aquel que rematou coa aprobación do anteproxecto de Estatuto destinado a ser sometido á aprobación das Cortes Españolas e do corpo electoral galego mediante plebiscito, tal como acontecería en 1936. Teremos ocasión de comprobar que as resistencias trabadas na propia Galicia ao recoñecemento oficial do idioma do país gozaron dunha notable forza, e que soamente foi posible vencelas mediante a habelencia de líderes galeguistas como A. Bóveda que souberon suscitar e canalizar a fonda adhesión sentimental do pobo cara ao idioma e maila complicidade do groso do republicanismo progresista e autonomista.

1. UN NOVO MARCO POLÍTICO-POLÍTICO: A II REPÚBLICA

A proclamación da República Española en abril de 1931 produciuse no medio dunha manifestación vigorosa de reivindicacións, longamente reprimidas, de índole democrática, popular e nacional. A Constitución republicana, aínda que desbotou o modelo federal tradicionalmente propugnado polo republicanismo español, abriu as portas para unha reorganización da estrutura territorial do estado, pois previa a posibilidade da aprobación de Estatutos de Autonomía que servisen de canle, no marco dun “estado integral”, para as aspiracións das distintas “rexións”. Concretamente, a Constitución contemplaba a posibilidade de que as linguas minorizadas adquirisen rango (co-)oficial a nivel “rexional” (art. 2º), e de que se regulase o seu emprego no medio educativo (art. 48º), creando deste xeito un marco xeral que outras leis (nomeadamente os Estatutos de Autonomía das respectivas ‘rexións’) se encargarían de desenvolver con maior detalle⁵. Dado que durante o período que nos interesa as cuestións da galeguización do ensino e da cooficialidade do galego se contemplaron e discutiron en estreita interrelación, ambas e dúas serán consideradas de xeito conxunto en boa parte do que vén a seguir.

Xa que logo, durante a II República a mellora efectiva do *status* legal do idioma galego aparecía por primeira vez como un obxectivo alcanzable, o que loxicamente suscitou con máis viveza e intensidade ca nunca antes iniciativas e propostas que deron azo a

⁴ H. Monteagudo, *Historia social da lingua galega*, Vigo, Galaxia, 1999, pp. 402-36.

⁵ Vid. H. Monteagudo, *Historia social...*, pp. 405-413; e Monteagudo, “Castelao versus Unamuno”.

debates en que se manifestaron as distintas posicións sobre a cuestión. Así e todo, por diversas razóns que iremos vendo, ningunha das medidas propugnadas chegou a levarse á práctica, co cal as polémicas sempre se moveron nun plano teórico, e, por tanto, tiveron un perfil en xeral máis ben abstracto e especulativo. As iniciativas a prol da introdución do idioma galego no sistema educativo, ben como lingua vehicular ou ben como materia de estudo, que remaneceran con certa insistencia na prensa na segunda metade de 1930, intensificaríanse en 1931, a pouco de proclamada a República, e atinxirían o seu cume contra finais de 1932, cando a discusión definitiva do proxecto de Estatuto. No mes seguinte á proclamación da República, a raíz do Decreto do Ministerio de Instrucción Pública de 29 de abril que derogaba as disposicións represivas da Dictadura contra as linguas periféricas e abría a posibilidade de utilizalas no ensino, comeza unha polémica que terá a súa continuación nas propostas cara á primeira Asemblea estatutista e nesta mesma Asemblea (celebrada en xuño de 1931). A lectura e discusión parlamentar do proxecto constitucional da República (setembro-outubro de 1931) e inmediatamente despois o proxecto de Estatuto de Autonomía “dos parlamentarios”, non deixarán esmorecer a cuestión, que atopa continuidade coa campaña pola creación de Cadeiras de Lingua e Literatura Galegas nas Escolas Normais (outubro-novembro).

Durante 1932 é o proceso de elaboración do proxecto de Estatuto de Autonomía o que mantén en tensión o interese público pola cuestión, mentres que as mobilizacións pola galeguización da Universidade experimentan un *crecendo* que atinxirá o seu momento álxido na primeira metade de 1933. A partir da segunda metade deste ano, por unha banda, co ascenso das dereitas ao poder, o marco político estréitase; pero por outra banda, a acumulación de forzas e experiencias e maila participación do groso do nacionalismo galego no movemento de reagrupación dun bloque progresista permite a diversificación e especialización das iniciativas e o achegamento ao galeguismo de sectores sociais e forzas políticas que se mantiveran distantes del ou mesmo que o combateran. En todo caso, os obxectivos máis importantes foran marcados no período que vai de maio/xuño de 1931 a marzo/abril de 1933, que foi o máis rico en discusións sobre a problemática lingüística. En realidade a etapa posterior foi máis ben de loita por tentar facelos politicamente viables. No presente contribuímos a centrarémonos no primeiro período, ata o momento de aprobación do proxecto de Estatuto de Autonomía.

2. O DECRETO DE BILINGÜISMO (ABRIL, 1931)

2.1. Da política represiva da Dictadura ao Decreto de bilingüismo de Marcelino Domingo

Como é sabido, a Dictadura de Primo de Rivera puxera en práctica unha feroz política represiva contra os idiomas periféricos, dirixida especialmente a tronzar o puxante movemento a prol da normalización do catalán. En boa parte como consecuencia desta

política, o ambiente político de Cataluña era un dos máis marcadamente antimonárquicos e anticentralistas de España. Por causa disto, e por mor do papel xogado polo catalanismo no advenimento da República e a conseguinte posición de forza de Cataluña nos primeiros momentos do novo réxime, o Goberno provisorio que se fixo coas rendas do poder á caída da Monarquía apurouse a derrogar as medidas represivas máis intolerables contra o idioma catalán. Con estes antecedentes, recién constituído o primeiro Goberno da II República, Marcelino Domingo⁶, na condición de Ministro de Instrucción Pública, elabora un Decreto que aparece publicado no *Diario Oficial de la República* o 29 de abril de 1931 (só quince días despois da proclamación do novo réxime). Este Decreto oficializa o emprego do catalán nos parvularios e nas escolas primarias e abre a porta a que se lle recoñezan as mesmas posibilidades ás outras linguas periféricas. A argumentación pedagóxica en que se estea o Decreto apela de xeito explícito á concepción innovadora da educación como un ámbito privilexiado para o desenvolvemento da personalidade, aínda que desde unha lectura puramente individualista. A seguir, recoñece que “se infligieron por la Dictadura tal número de ofensas y vejámenes a los más íntimos y sagrados sentimientos de Cataluña; que determinaron, por otra parte, una reacción tan espiritual y viva”, que o Goberno provisorio se consideraba obrigado a ofrecer unha reparación inmediata, sen agardar a que a Constitución da República e o Estatuto de Autonomía de Cataluña, aínda non elaborados, creasen un marco xurídico máis amplo e estable. Por tanto, a mesma disposición recoñece que a consciencia lingüística catalá é especialmente forte, pero, ben porque se quixese evitar presentar o decreto ante a opinión pública como froito exclusivo da presión do catalanismo, ben porque se considerase obvio que os argumentos xerais invocados non eran de aplicación soamente ao catalán, tamén prevé a hipótese de que no futuro as outras linguas españolas obteñan os mesmos dereitos reservados de momento ao catalán:

“Aún fijada la atención en Cataluña, porque el problema es allí más evidente y los agravios han sido más ostensibles, no se circunscribe la solución al respeto al catalán como lengua materna sino que se extiende a las otras lenguas peninsulares que se juzguen y se las juzgue con idéntico derecho.”⁷

⁶ Marcelino Domingo (1884-1939), natural de Tarragona, mestre de primeiro ensino e xornalista, viña desempeñando na súa cidade natal un activo labor republicano autonomista como dirixente do Partido Radical-Socialista. Moi achegado a Manuel Azaña, co que fundaría Izquierda Republicana, foi outra vez ministro de Instrucción Pública en 1936 co goberno do Frente Popular. Vid. M. Rubio Cabeza, *Diccionario de la Guerra Civil Española*, 2 vols., Barcelona, Editorial Planeta, 1987, vol. 1, p. 261.

⁷ Nunha entrevista publicada no diario *El Sol* o 28 de xuño, Marcelino Domingo aseguraba: “El decreto sobre bilingüismo es un decreto de reconocimiento y de eficacia pedagógica. De eficacia pedagógica porque la enseñanza primaria debe darse en la lengua vernácula; sólo así puede y debe llegarse al alma del alumno. De reconocimiento porque allí donde hay una lengua viva existe un hecho que es de ley acatar. De reparación porque la lengua catalana, menospreciada y combatida por la autocracia monárquica, debía ser respetada y enaltecida por la República... Creo que los beneficios del bilingüismo deben concederse inmediatamente a otras regiones. Lo que falta para que la concesión se decrete es que estas regiones determinen o establezcan unos órganos que den estructura y autoridad igual a los que existen en Cataluña y cuidan de su aplicación”. Citado en A. Molero Pintado, *La reforma educativa de la Segunda República. Primer Bienio*, Madrid, Santillana, 1977, p. 70. Remitiremos a este estudo abreviando Molero Pintado, *La reforma educativa de la Segunda República*.

Xa que logo, a parte dispositiva do decreto céntrase no catalán (recollemos soamente os artigos que teñen un interese directo para nós):

“Artículo primero.— Quedan derogadas todas las disposiciones dictadas desde el día 13 de septiembre de 1923 contra el uso de la lengua catalana en las escuelas primarias.

Artículo segundo.— En las escuelas maternas y de párvulos de Cataluña la enseñanza se dará exclusivamente en las lenguas maternas catalán o castellano.”

Pero un artigo adicional deixaba aberta unha porta que os galeguistas axiña tentarían traspasar:

“Artículo adicional.— En atención a los motivos determinantes de este decreto, justificándose en otros territorios del Estado la misma necesidad que en Cataluña, y formulada la petición, el Gobierno resolverá, aplicando el espíritu de los artículos anteriores en armonía con la difusión y circunstancias de los idiomas respectivos.”⁸

2.2. A primeira reacción ao Decreto en Galicia. Unha proposta para a galeguización do ensino

A promulgación do decreto de bilingüismo foi recollida con grandes gabanzas pola opinión galeguista, expresada polo diario *El Pueblo Gallego* (EPG), que no seu editorial do número correspondente ao 1º de maio seguinte, titulado “El idioma gallego en las escuelas”, o valoraba así: “Los conceptos de este decreto no pueden ser más sabios ni más equitativos”⁹. O mesmo xornal recollía unha proposta presentada ao Ministro de Instrucción Pública por “los representantes del País Vasco”, que procuraba axeitar o Decreto ás circunstancias específicas do éuscaro. Interésanos referirnos a esta proposta, pois no dito editorial se toma de modelo para Galicia:

“Primero. La enseñanza primaria debe darse, por razones pedagógicas, en la lengua materna.

Segundo. En las zonas en que la lengua dominante sea la vasca, procede la enseñanza en vasco, con textos escritos en ella [*sic*] como vehículos de la enseñanza, además de incluirse su estudio en el plan general.

Tercero. En las zonas en que el castellano está más extendido, éste ha de ser el vehículo de enseñanza.

Cuarto. Sin perjuicio del carácter instrumental que una y otra lengua hayan de tener en las zonas antedichas, procede la enseñanza del castellano, del que nadie quiere prescindir, así como es de desear también que sea permitido el uso de la enseñanza del euskaro [*sic*] en aquellas escuelas que por encontrarse dentro de las zonas señaladas en el párrafo tercero la instrucción se da en castellano.”

Como se ve, o modelo deseñado na devandita proposta está pensado para as especiais circunstancias do País Vasco, onde zonas importantes do territorio se atopaban

⁸ Citamos o Decreto pola reprodución en “Las lenguas maternas en las escuelas primarias”, *El Pueblo Gallego* (EPG) (30/IV/1931): 3.

⁹ “Opiniones. El idioma gallego en las escuelas”, *EPG* (1/V/1931): 1.

total ou case totalmente castelanizadas¹⁰. Por iso se fala de “zonas de lingua dominante vasca” e doutras zonas “donde el castellano está más extendido”. Non era este o caso de Cataluña, onde, como veremos máis adiante, o Estatuto ofrecía crear ou manter escolas co castelán como lingua vehicular nos “núcleos de poboación” onde estivesen censados un mínimo de corenta rapaces de lingua materna castelá (en Cataluña, a concentración de masas de emigrantes castelanfalantes constituía un problema que se debía ter en conta). Tampouco a situación vasca era comparable á galega, pois, daquela coma hoxe, a presenza do castelán como lingua habitual da poboación en Galicia limitábase ás vilas máis importantes. Así o recoñecía o editorial de *El Pueblo Gallego*, cando consideraba o problema galego como máis sinxelo, pois, nas súas palabras, que reproducen un clixé bastante repetido nas liñas escritas por galeguistas, “aparte de unas cuantas villas donde, por cursi y cómico señoritismo, parece de condición baja el habla de nuestra lengua”, o uso do galego era xeral. Con todo, o editorialista de *EPG* xulga a proposta vasca acaída para Galicia, de maneira que, de adoptarse o modelo de “territorialización” proposto, a área en que se usaría o galego como lingua vehicular do ensino sería moito maior cá do castelán.

Endebén, no editorial que comentamos introdúcese unha importante matización no modelo “territorial”, que consistiría en sobreporlle unha especialización das linguas por niveis de ensino: nas “enseñanzas maternal y superior” (enténdase antes dos seis e despois dos nove anos), o galego sería a lingua vehicular preferente, na “edad propiamente escolar” (de seis a nove anos) o preferente sería o castelán, asegurando en todo caso a aprendizaxe como materia da lingua non vehicular de cada nivel (galego ou castelán, segundo os casos). O obxectivo de tal sistema sería que a cooficialidade do galego e o castelán se asentase nunha competencia fluída do conxunto da poboación escolar en ámbalas linguas. Como non se especifica, non sabemos se hai que deducir que a especialización das linguas por niveis soamente se aplicaría na zona de predominancia galega ou tamén na de predominancia castelá. Trátase, como se ve, dunha proposta bastante tímida e confusa, moi condicionada polo temor a que a galeguización do ensino redundase en prexuízo da aprendizaxe do castelán, pois, segundo se manifesta,

“nosotros los gallegos no deseamos ni podemos prescindir en modo alguno del castellano, vehículo de una cultura superior ya alcanzada, que es la cultura común de los pueblos hispanos.”

En todo caso, xa o articulista sinalaba que para proceder a unha reforma lingüística do ensino había que “preparar un Magisterio apto, concedor de las dos lenguas”, tarefa especialmente esgrevia, porque en Galicia disque exercían máis de 300 mestres foráneos sen competencia en galego. A solución que se adiantaba como máis lóxica era “tener maestros gallegos para alumnos gallegos”.

¹⁰ Vid. Euskaltzaindia, *Conflicto Lingüístico en Euskadi*, Bilbao, Ediciones vascas / Argitaletxea, 1979; pp. 49-51 e mapas finais do volume [sen numeración].

A mobilización de ‘forzas vivas’ galegas a prol da aplicación do decreto en Galicia debeu de ser inmediata, pois menos dunha semana despois do editorial recién comentado, o Ministro manifestaba, segundo un inserto do mesmo xornal:

“que recibe numerosos comunicados de Galicia solicitando también le sean concedidos los beneficios del decreto de bilingüismo. Confirmó que sobre este asunto se propone formular una ponencia, que la llevará a estudio del próximo Consejo, que se celebrará mañana.”¹¹

Pero, malia a aparente axilidade con que Marcelino Domingo declaraba que ía afrontar a cuestión, a aplicación do Decreto de bilingüismo a Galicia sería unha cuestión permanentemente aprazada, ata o punto de que a II República esmorecería antes de darlle solución.

2.3. A valoración de Castelao

En 1938, Castelao contemplaba retrospectivamente o asunto, facendo a súa propia valoración dos feitos:

“A Cataluña concedéuselle a cooficialidade do idioma e o bilingüismo escolar, por decreto do Goberno provisional da República, antes da promulgación do Estatuto. Un decreto menos ambicioso foi reclamado para Galiza, e un mesmo *Ministro de Instrucción Pública* enganounos dúas veces –unha o ano 1931 e outra en 1936– con promesas que non foi capaz de cumprir. Esto demostra que as concesións outorgadas a Cataluña non teñen o seu orixe n-unha estimación dos dereitos que lle corresponden como povo diferenciado. Foron outorgadas como privilexio. Pode decirse que o feito político de Cataluña esixía solución inaplazable e que a oficialidade do idioma catalán non podía demorarse: pero é que os problemas do bilingüismo existen en Valencia, Baleares, Euzcadi e Galiza. [...] E fora do problema político da cultura, ¿qué razón pode aducir un *Ministro de Instrucción Pública* para non estimar o problema pedagógico que plantea o bilingüismo nos povos de fala non castelán? Porque a solución do problema pedagógico era tan inaplazable en Cataluña como en Galiza”¹².

O certo é que non coñecemos o texto da proposta que segundo Castelao se lle presentara ao Ministro, aínda que non é improbable que o editorialista de *EPG* reflectise no artigo que acabamos de comentar o seu contido aproximado. Como se ve, Castelao opina que o decreto de bilingüismo fora unha concesión arrincada polos catalanistas ao Estado central aproveitando unha conxuntura política favorable. É claro que o líder galeguista ten razón en abstracto, pero coidamos que en concreto non lle outorga a im-

¹¹ “El Ministro de Instrucción habla del bilingüismo en Galicia”, *EPG* (6/v/1931): 2.

¹² A. D. R. Castelao, “Verbas de Chumbo. XXIII”, *Nueva Galicia* 39 (7/v/1938). Vid. *Sempre en Galiza*, Buenos Aires, 1944, p. 107. Noutro lugar, o autor afirma: “o decreto que se lle concedeu a Cataluña [...] carece de espontaneidade, e non podemos estimalo como prescripción intelixente. <¿Ou é que o problema de Cataluña non se repetía esaitamente en Galiza?>” (Vid. A. D. R. Castelao, “Verbas de Chumbo. XXIV”, *Nueva Galicia* 41 (24/v/1938). Vid. Castelao, *Sempre en Galiza*, p. 109). Entre parénteses oblicuos van as partes engadidas en *Sempre en Galiza* sobre o texto orixinal. En caso de variantes lingüísticas, normalmente optamos polas da primeira versión publicada. Sobre o acontecido en 1936 non posuímos máis información cá que nos fornece o autor.

portancia debida a un factor crucial, o da consciencia lingüística. É que, como imos ver, as reivindicacións lingüísticas tiñan un eco moito menor en Galicia ca en Cataluña, e de feito no propio país se atopaban atrancos moi poderosos para a normalización, algo que Castelao silencia na súa exposición. O autor de *Sempre en Galiza* aventura como posible explicación da actitude negativa dos gobernantes republicanos cara á introdución do galego no ensino a crenza de que a semellanza entre o galego e o castelán facilitaba a comprensión espontánea do castelán por parte dos rapaces galego falantes (*bilingüismo inherente*). Xulgamos perfectamente verosímil que se manexase este argumento nas negociacións políticas arredor da cuestión en que o propio Castelao participara. El mesmo refuta tal opinión, ao tempo que subliña os efectos perturbadores da interferencia lingüística entre linguas próximas como o galego e o castelán:

“A inhibición da República no problema escolar de Galiza non se xustifica pol-o parentesco do galego e o castelán ou por esa falsa creencia de que todol-os nenos galegos entenden a lingua de Castela. [...] Certo que o caso lingoístico de Galiza non é o de Alsacia, o de Flandes, o de Gales e demais países de línguas desemeillantes <da lingua do Estado>. O noso caso é peor, xustamente pol-a semellanza dos dous idiomas <: o galego e o castelán>. Na Galiza é imposible corromper a nosa fala sen corromper, ao mesmo tempo, a lingua imposta, e os galegos chegarán a falar correitamente o idioma do Estado cando <éste> se lle poida ensinar valéndose do galego.”¹³

Como teremos ocasión de ver, este argumento da “mutua corrupción” das linguas manexouse con frecuencia nas discusións sobre a galeguización do ensino. En fin, fose como fose, co decreto de Marcelino Domínguez albiscábase unha posibilidade que mobilizaría poderosamente tanto as forzas favorables coma as contrarias á introdución do idioma galego no sistema de ensino. A oposición máis dura en Galicia procedería precisamente de significativos sectores do maxisterio.

2.4. As reaccións contra o Decreto en Galicia. A posición do maxisterio

Non todo foron gabanzas para o decreto de bilingüismo, pola contra, sectores importantes da opinión galega se manifestaron remisos ou francamente opostos ás posibilidades que o decreto abría e aos galeguistas que pugnaban por aproveitálas. Seméllanos ben representativa destes sectores a liña editorial da revista decenal *Vida Gallega*, que se editaba en Vigo baixo a dirección de Jaime Solá. O debate tivo continuidade co gallo da convocatoria dunha Asemblea pola Autonomía para primeiros de xuño (lémbrese que o decreto é de finais de abril). Nesta Asemblea suscítáronse as cuestións como a oficialidade da lingua galega e a súa introdución no ensino, que ningún dos anteproxectos que se elaboraron de cara a ela ignoraba¹⁴. Conectada co devandito, tamén se levantou a cuestión das competencias dos poderes central (ou, como tamén se dicía daquela, do poder federal) e autonómico sobre o sistema de ensino.

¹³ A. D. R. Castelao, “Verbas de Chumbo. XXIV”, *Nueva Galicia* 41 (24/V/1938). Vid. *Sempre en Galiza*, p. 109.

¹⁴ H. Monteagudo, *Historia social...*, pp. 413-427.

Pero deteñámonos primeiramente na posición editorial de *Vida Gallega* ante o decreto de Marcelino Domingo e os asuntos aos que acabamos de facer referencia, que en certa maneira víanse como complementarios. Atopámola expresada por primeira vez no número correspondente ao 30 de maio de 1931¹⁵. Con respecto á distribución de competencias sobre o sistema educativo entre o poder central e o galego, a opinión era tallante:

“D. Marcelino Domingo ha estudiado la carrera de maestro nacional. Es de rigor que conozca las viejas aspiraciones de todo el Magisterio. Sabe, pues, que este ha luchado tenazmente hasta lograr la dependencia del gobierno nacional que ahora [...] llamaremos centralista. [...] Es de suponer, por consiguiente, que el actual ministro de Instrucción llevará a las Cortes Constituyentes el problema de la enseñanza resolviéndolo *a favor del centralismo*.” (A cursiva é nosa).

As razóns que se argúen a favor de tal postura son dúas. A primeira é estrictamente ideolóxica, e resúmese na apelación a “una patria grande y una enseñanza común a toda ella, con las variaciones, claro está, que el carácter regional debe imprimirle”, que se reforza cunha indisimulada animosidade contra o nacionalismo galego: “Con esto *o insiño* –como llaman a la enseñanza los nacionalistas– quedará fuera de su acción.” A segunda é de tipo económico (coñécese que os mestres temían que o poder autónomo non tivese fondos abondos para manter dignamente o maxisterio, pois o argumento remanecerá nas discusións da Asemblea da Coruña) e corporativa:

“Los maestros no dependerán de las organizaciones regionales. Su normalidad de vida económica será asegurada por el Estado: el único Estado que exista en toda España. Y su vida profesional se someterá igualmente al patrón que establezca el gobierno de Madrid.”

Non menos rotunda é a toma de postura verbo da posibilidade de galeguización do ensino. Sentados os seus fundamentos ideolóxicos nun nacionalismo español explicitamente centralista, o editorial de *Vida Gallega* esgrime un argumento utilitarista a favor do monopolio do castelán na vida educativa, fundado nun feito que será reiteradamente invocado nas discusións sobre lingua e escola en Galicia neses anos: a emigración. Escoitemos o editorialista de *Vida Gallega*:

“Galicia tiene cerca de millón y medio de hijos en la emigración. La emigración es un hecho que por mucho que se modifique la economía gallega perdurará durante varias generaciones. El gallego aldeano –que es el que emigra– va con su trabajo a veinte repúblicas de habla castellana. Si esos gallegos llegasen a América ignorando el español, carecerían, en el momento de tenerse que ganar la vida lejos de la patria, del primer instrumento de trabajo.”

¹⁵ “El problema bilingüístico”, *Vida Gallega* 486 (30/V/1931). Dado que a revista non está paxinada, non podemos ofrecer unha localización máis precisa.

O razoamento, supoñendo que se manexe con auténtica convicción, resulta sofisticado. ¿Era imprescindible o dominio activo do castelán para instalarse na América? O caso de moitísimos outros emigrantes de procedencia non hispánica (por exemplo, os italianos na Arxentina) mostra rotundamente que non¹⁶. En todo caso, ¿a escolarización da poboación rural en castelán servía para dotala desa competencia lingüística en castelán? Estamos certos de que non. Pero *Vida Gallega* continúa razoando noutra liña:

“La ciudad gallega no necesita que nadie le enseñe el castellano, porque ya lo sabe, porque lo aprende en el hogar, en la calle, en todas partes: es su lengua vernácula, tanto, cuanto menos, como pueda serlo la lengua regional. Pero la aldea necesita que le enseñen el castellano, pues el gallego positivamente vernáculo –que, acaso, no es el de los intelectuales– ya lo sabe bien.”

O argumento de que a lingua que se aprende na casa non cómpre estudala na escola é moi vello, tanto que se empregou reiteradamente no Renacemento a prol da escolarización en latín e en Roma en favor da alfabetización en grego. Pero a cita interésanos tamén pola última idea que se insinúa nela: a sutil dicotomía que se establece entre “el gallego positivamente vernáculo” e “el gallego de los intelectuales”, que visa minar a lexitimidade deste. De resto, en esteo da súa posición, *Vida Gallega* subliña unha proposta que estaba lonxe de constituír o cerne da discusión: “Los nacionalistas gallegos [...] querían que en Galicia se enseñase el castellano *en gallego* a los niños de la escuela” (en cursiva no orixinal). Erguida esa pantasma, *Vida Gallega*, ponse a arriarlle lanzadas, ao tempo que fai unha defensa coherente (desde os seus presupostos) da necesidade do sistema de ‘desarraigo lingüístico’ que, segundo tódolos indicios, era o máis comunmente adoitado:

“Enseñar el castellano en gallego sería no enseñarlo. [...] Nadie ignora en ningún sitio cómo es necesario aprender una lengua cuando, hablándola, ha de ir ganarse la vida por el mundo. *Se aprenderá el castellano en Galicia si el maestro no habla otra lengua, o la habla preferentemente, desde que los chicos tienen raciocinio. Si se emplea otro sistema non lo sabrán nunca.*” (A cursiva é nosa).

En definitiva o editorialista sinala, contra o final do artigo, que “el patriotismo gallego exige que todos los gallegos expuestos a emigrar conozcan lo mejor que pueda ser la lengua castellana”. Pero, xunto a esta óptica utilitaria aparentemente altruista, como mostramos, o discurso de *Vida Gallega* estaba determinado por unha posición ideolóxica nacional/castelanista, unha opción política favorable ao centralismo e pola defensa dos intereses corporativos do maxisterio, concibidos desde o temor ás consecuencias económicas e profesionais do traspaso de competencias sobre a educación ao Goberno autónomo.

¹⁶ Unha resposta similar xa a dera Lousada Diéguez en 1918. Vid. H. Monteagudo, “Ideas sobre a lingua de Antón Losada Diéguez”, en *Antón Losada Diéguez. 10 anos dun premio*, O Carballiño, Concello do Carballiño, 1995, pp. 67-75; na p. 71.

3.1. As discusións sobre a oficialidade do galego no proceso de xestación do Estatuto de Autonomía de Galicia: primeiro momento (1931)

O proceso de xestación do Estatuto de Autonomía foi e longo revirado: a primeiros de xuño de 1931, isto é, antes das eleccións a Cortes Constituíntes da República (celebradas a fins dese mesmo mes), convocouse unha primeira asemblea autonomista na Coruña, protagonizada pola Federación Republicana Gallega (F.R.G.); en outubro de 1931, co proxecto de Constitución Republicana bastante perfilado, presentouse un proxecto apadriñado polos parlamentarios galegos nas Cortes Españolas; pero a elaboración do proxecto só remataría en 1932. A cuestión do status legal do idioma galego aparece contemplada en tódalas iniciativas, dando pé desde o comezo a acesas discusións, aínda que como se mostrará o momento cume atinxiuse na Asemblea de Concellos de Compostela de decembro de 1932, da que saíu o texto definitivo do proxecto de Estatuto de Autonomía que se plebiscitaría en xuño de 1936. Entre outubro de 1931 e os mediados de 1932, os debates sobre a cuestión esmoreceron, sen que isto signifique que a polémica se esgotase.

Efectivamente, a présa por procurar unha solución á articulación autónoma de Galicia no Estado Español, que en principio a Organización Republicana Gallega Autónoma /Federación Republicana Gallega (O.R.G.A./F.R.G.) consideraba como tarefa propia e prioritaria, inspirou unha primeira convocatoria asemblearia para a elaboración dun Estatuto de Autonomía incluso antes das eleccións a Cortes Constituíntes. Esta primeira asemblea autonomista, convocada baixo responsabilidade exclusiva da F.R.G., celebrouse na Coruña o 4 de xuño de 1931. Daquela, non existía aínda unha Constitución da República que fixase a pauta a seguir canto á organización xeral do Estado, as competencias atribuíbles ás comunidades autónomas e o procedemento de elaboración e aprobación dos respectivos estatutos de autonomía. Así e todo, boa parte do republicanismo galego (coma o español en xeral), e sinaladamente a O.R.G.A./F.R.G., era por tradición partidario da articulación federal do estado. Tendo en conta que nos primeiros meses da República as organizacións políticas estaban lonxe de terse afianzado e implantado solidamente, á asemblea pro-Estatuto da F.R.G. asistiu unha nutrida representación da vida política, social e cultural de Galicia¹⁷, aínda que a presenza máis destacada foi a dos republicano-autonomistas e dos galeguistas, mentres que se abstiveron de participar case totalmente a esquerda obreira e as dereitas republicana e monárquica.

Cara a esta convocatoria elaboráronse catro anteprojectos de Estatuto autonómico: un do ‘Seminario de Estudos Galegos’, outro do ‘Secretariado de Galicia en Madrid’,

¹⁷ X. Vilas Nogueira, *O Estatuto galego*, A Coruña, Ediciós do Rueiro, 1977, pp. 145-52; A. Bozzo, *Los partidos políticos y la autonomía en Galicia (1931-1936)*, Madrid, Akal, 1976, pp. 273-83; X. Castro Pérez, *O galeguismo na encrucillada republicana*, 2 vols., Ourense, Deputación Provincial, 1985, vol. I, pp. 60-66.

outro do ‘Instituto de Estudios Gallegos’ da Coruña, e finalmente o da propia ‘Federación Republicana Gallega’¹⁸. A estes hai que engadirle a proposta de ‘Labor Galeguista de Pontevedra’, que pretendía que na Asemblea se discutisen unhas “Bases para a Constitución dun Estado Federal”, co obxectivo de condicionar o debate constitucional español. A proposta foi rexeitada, pero as “Bases” serviron para inspirar algunhas das emendas defendidas polos deputados galeguistas nas Cortes Españolas durante a discusión da Constitución da República. Sexa como for, o único texto que se someteu a debate na asemblea foi o da F.R.G. Contentémonos con constatar á derradeira a proposta resultante da xuntanza da Coruña tivo nulos efectos prácticos, pois foi refugada polas forzas políticas non representadas nela, nomeadamente do Partido Radical, e, por parte, as Cortes constituintes desbotarían o modelo federal na discusión da Constitución.

Así como Castelao xogou un papel protagonista no debate da Constitución da República e coprotagonista nas demandas presentadas ao Goberno central sobre o ensino, na asemblea autonomista da Coruña a defensa do galego, formulada dun xeito bastante arrebatado e confuso, correu a cargo do persoeiro radical agrario Basilio Álvarez e do dirixente da emigración galega na Arxentina Antón Alonso Ríos, mentres que na de Compostela, o papel máis importante xogaríao sen ningunha dúbida o líder do Partido Galeguista Alexandre Bóveda. Para seguirmos coa secuencia cronolóxica dos acontecementos, centrarémonos agora na primeira tentativa estatutaria, deixando a un lado os proxectos que se elaboraron cara á iniciativa da Coruña e o debate constitucional (que, como deixamos dito, foron tratados xa noutros traballos), para despois referirmonos brevemente ao “Estatuto dos parlamentarios” e finalmente retornarmos aos debates xerados ao redor do proceso autonómico desenvolvido na segunda metade de 1932.

3.2. Perante o Estatuto. A posición do Maxisterio

Ante a convocatoria da asemblea autonomista para primeiros de xuño de 1931, a atención da opinión pública ía desprazarse do decreto de Marcelino Domingo cara ao Estatuto de Autonomía, onde se contemplaban, entre outras cuestións referidas á organización político-territorial do Estado e ao status oficial do idioma galego, asuntos coma a organización do sistema educativo e as obrigas lingüísticas dos funcionarios públicos. Precisamente, un dos sectores sociais que se mostrou máis activo de cara ao proceso autonómico foi o maxisterio. A corrente pro-republicana do maxisterio sae á palestra pública cun acto celebrado en Moaña o 18 de maio en homenaxe a catro mestres nacionais perseguidos polo caciquismo, entre os cales salienta o nome de Enrique Vidal de Bustamante, que no xornal *EPG* aparece caracterizado como “demócrata” e “predicador infatigable”¹⁹. Entre os máis destacados participantes no acto contábanse José López Varela, que exercía como mestre na ‘Escuela Graduada de niños del Arenal’ (Vigo) e

¹⁸ Vid. Monteagudo, *Historia social...*, pp. 413-424.

¹⁹ Vid. “Maestros de Moaña: en su honor”, *EPG* (15/v/1931): 1; e “Los actos de hoy en Moaña. En honor de los maestros nacionales de aquella villa marinera”, *EPG* (17/v/1931): 7.

sería deputado do Partido Radical nas Cortes Constituíntes e mais Víctor Fráiz, promotor da Federación de los Trabajadores de la Enseñanza adherida ao sindicato socialista ‘Unión General de Trabajadores’. Tamén participaron os persoeiros políticos e líderes radicais Basilio Álvarez e Emiliano Iglesias. Todos eles, agás o último citado, tiveron unha participación notable na Asemblea de xuño na Coruña, como veremos máis adiante. Os preto de cen mestres axuntados en Moaña fixeron un chamamento ás asociacións profesionais, comarcais e provinciais para que enviasen á Coruña os seus representantes por mor de exporen a visión e defenderen os intereses do maxisterio. Efectivamente, convocada pola ‘Comisión de Maestros Nacionales representantes del Magisterio asociado de la provincia de Pontevedra’, realizouse unha xuntanza a véspera da Asemblea autonomista, o día tres de xuño²⁰. A posición deste sector perante a autonomía de Galicia resúmea o estudoso Antón Costa deste xeito:

“a ‘escuela única nacional’ a cargo do Estado, debía constituí-la aspiración e o programa do Maxisterio. Aceptando o sistema federal propugnado por Pi i Margall, que lle outorga ao Estado a organización e sostemento do ensino en tódalas súas ordes, opoñíanse á absorción do ensino pola rexión ou concello por consideralo un perigo non só para os mestres, senón tamén para a a unidade nacional, “pues el nexo espiritual único que quedará cuando las regiones sean autónomas será el de la enseñanza” [...] O castelán debería ser en toda España o instrumento preferente de cultura utilizado nos centros de ensino, non obstante a utilización facultativa da lingua materna nos casos precisos, así como o seu estudio no segundo ensino e no universitario.”²¹

A organización territorial do sistema educativo constituía a clave dun asunto que tocaba moi fondamente a sensibilidade dos mestres, dado que naquel momento se prevía que a República ía configurarse en forma de Estado Federal. As alternativas eran: dependencia do estado federal (modelo centralizado) ou dependencia do estado federado (modelo descentralizado). A reivindicación dun ensino centralizado baixo responsabilidade do estado era sentida desde vello no maxisterio, pois aínda na segunda metade do século XIX os centros de ensino primario e os mestres que os atendían dependían fundamentalmente de institucións de ámbito local ou provincial, tales como os concellos e

²⁰ Vid. “Los Maestros ante la Asamblea de La Coruña”, *EPG* (3/VI/1931): 1.

²¹ Vid. A. Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia da Restauración á Segunda República*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1989, pp. 283-4. Vid. tamén nesta mesma obra as pp. 293-99, onde se documenta a combatividade do sector anti-automista do maxisterio a través dunha serie de artigos publicados entre maio e agosto na revista corporativa *Vida Escolar*. Por exemplo, un comunicado do Frente Único del Magisterio afirmaba que “deseamos que la Escuela primaria conserve su carácter de función nacional y que el magisterio siga formando un Cuerpo dependiente del Estado Central” e nun artigo da devandita revista corporativa afirmábase: “es preciso que se sepa que el Magisterio de España no quiere tener otra autoridad que la del Ministerio de Instrucción Pública de la República española, ni quiere depender en lo económico y en lo profesional de otra entidad que no sea el Estado. Volver a los Ayuntamientos, ¡¡¡jamás!!!”. No mesmo sentido, pero cunha referencia específica á cuestión lingüística, vid. “La digna actitud del magisterio”, *Vida Gallega* 502 (10/XI/1931), que reproduce unhas tallantes declaracións do mestre Enrique Vidal de Bustamante: “Las Asociaciones Nacionales del Magisterio en Galicia son como piezas de un mismo cronómetro y todas ellas se pondrán en movimiento para la consecución del punto concreto objeto de discusión: ‘enseñanza del castellano y utilizar el gallego como recurso pedagógico’, no valiendo para nada todas las jugadas políticas que se intenten.”

deputacións, o cal supuña unha estreita dependencia dos mestres verbos dos caciques locais, a desigualdade e irregularidade no equipamento das escolas, nas retribucións dos mestres e no seu estatuto profesional²². Desde que a administración central se fixera cargo de regularizar estes e outros aspectos, producírase unha considerable mellora nos aspectos devanditos. En todo caso, os malos tempos do ensino primario municipalizado estaban moi vivos na lembranza do docentes, e isto repercutiu de xeito moi negativo na súa actitude cara á ‘rexionalización’ do sistema educativo que se pretendía co réxime republicano de autonomías.

Aínda que vencellada coa anterior, cuestión diferente, e máis espiñenta, é a da actitude de boa parte do maxisterio en Galicia ante o emprego das linguas ‘rexionais’ no ensino. Nótese que se pretende traspasar o groso do problema ao ensino medio e superior, limitando a utilización do galego no primario a un carácter auxiliar e facultativo. Deste xeito, os propios mestres pretendían liberarse de toda responsabilidade na cuestión (pois o ensino medio e superior non lles estaba encomendado a eles), e de paso privar á esmagadora maioría de alumnos/as de contacto escolar coa súa lingua (xa que o acceso aos niveis medio e superior era sumamente restrinxido). Dunha banda, nesta actitude podía influír a convicción de que, efectivamente, a aprendizaxe do castelán constituía unha condición para a promoción social dos estudantes procedentes das clases populares. Doutra banda, os propios mestres podían ter interiorizada a ideoloxía nacional/españolista, ben na súa versión conservadora ou ben na liberal, da que ademais se poderían sentir como unha especie de garantes e custodios²³.

Entrementres, e probablemente para contrarrestar a impresión que causaba na opinión pública a liña anti-autonomista e anti-galeguista manifestada polos mestres organizados arredor das Asociacións profesionais, o 26 de maio publicase en *EPG* un comunicado remitido pola promoción que acababa de rematar o terceiro curso de Maxisterio na Escola Normal de Pontevedra, en que esta se declara partidaria da organización autonómica do sistema educativo²⁴. No número de *Vida Gallega* que segue ao que comenta-

²² Vid. tamén sobre isto Costa Rico, *Escolas e mestres*, pp. 39-44 e 57-60.

²³ Sobre a tradición nacionalista/española do republicanismo español, vid. A. de Blas Guerrero, *Tradición republicana y nacionalismo español*, Madrid, Tecnos, 1991. Segundo este autor, na tradición nacionalista/española do republicanismo desemboca “de una parte, la herencia liberal anterior a la Gloriosa y del sexenio democrático, que siempre hizo de la aceptación de la idea liberal de nación una de sus principales banderas políticas. Incide igualmente sobre el nacionalismo republicano de la Restauración una práctica europea, particularmente francesa, aferrada al significado de un discurso patriótico liberal-democrático [...] A través de la movilización de la conciencia nacional se estima posible, por otro lado, remover [el] régimen monárquico [...] Son razones suficientes para que el movimiento republicano conceda un lugar de privilegiada importancia al discurso nacionalista español de signo democrático anterior al gran despertar de nuestros nacionalismos que supuso la crisis del 98 [...] A partir del 98 se generarán argumentos adicionales a favor del nacionalismo [...] El auténtico significado del 98 para la dinamización del discurso nacionalista republicano radicaría en el convencimiento de que la causa nacional podría ser, además del camino por el que alcanzar la sacudida política que permitiera el establecimiento de la república, el instrumento capaz de liberar las energías con que llevar adelante el proceso de modernización económica y social del país” (*ibidem*, pp. 137-8).

²⁴ Vid. “Dicen los maestros”, *EPG* (26/V/1931): 8.

mos antes, publícase un editorial, “El Magisterio y el Estatuto”²⁵, que contén un virulento ataque contra os promotores do devandito manifesto, aos que acusa de actuaren manipulados polos republicano-autonomistas e movidos pola promesa de que estes lles concederían postos de traballo:

“Los jóvenes, los que aún no salieron de las aulas, los que parecen esperar que caiga sobre ellos, como gracioso regalo de fin de carrera, el maná de las escuelas que cree el partido autonomista, no vacilan en suscribir el programa de éste [...] Son los entusiastas y fogosos jóvenes que aún no han terminado la carrera, entre quienes no podían ser inútiles los cantos de sirena de los autonomistas literarios [...] Lo malo está en que el manifiesto de los jóvenes, mejor que una espontánea explosión de deseos juveniles, parece una maniobra de los autonomistas.”

Vida Gallega contrapón a actitude deste grupo de recién titulados coa opinión supostamente maioritaria do Maxisterio, e por outra banda, o editorialista deduce disto que os autonomistas acudiran a aqueles porque non tiñan mestres que os respaldasen: “Había que poner unos maestros frente al común sentir del Magisterio. Y no hallándose a mano se acudió a los aspirantes a maestros”. Independentemente da intención do editorialista, semella certo que a influencia do galeguismo entre o maxisterio en exercicio era daquela bastante feble. Pero o que resulta unha mostra acabada de xornalismo de manipulación é o xuízo de intencións que *Vida Gallega* lles fai aos responsables do manifesto e as acusacións que se lles imputan aos seus supostos instigadores:

“Acaso se les ofreció lo que ellos piden: para que se sepa que no les mueve un burdo interés material, el sueldo inicial de cinco mil pesetas [...] y para que no se dude de su íntima confianza en su competencia, la aspiración a que se les den escuelas sin hacer oposiciones.”

A revista viguesa pasa de contado a abordar a súa auténtica obsesión, a cuestión da lingua, que considera como “la cuestión más seria y batallona que tiene delante de sí en estos momentos el Magisterio gallego”. Dirixíndose aos futuros mestres, o editorial pregunta retoricamente:

“¿Piensan los futuros maestros subordinar su criterio al de los primates del autonomismo romántico en el modo de administrar el caudal bilingüista de Galicia? ¿Van a cambiar por las cinco mil pesetas de sueldo la patriótica necesidad de enseñar en castellano para que no se lesione el interés de los gallegos que tengan que alejarse de su aldea o de su patria? ¿Están dispuestos a admitir como lengua vernácula *la que aún no acabaron de inventar los nacionalistas?*” (A cursiva é nosa).

Agora a invocación xa non se realiza en nome dos presuntos intereses corporativos do Maxisterio, mais dun patriotismo altruísta, ao tempo que se cuestiona a lexitimidade do galego culto, alcumado de invento recente dos nacionalistas. Xa comprobaremos que

²⁵ Vid. *Vida Gallega* 487 (10/VI/1931). A pesar da data de saída que figura na cabeceira, é claro que o texto estaba escrito antes da asemblea autonomista do día 5.

este último argumento, que xa vimos que se insinuara nun texto anterior, será reiterado ao longo da discusión. Pero as posicións expresadas polos representantes do Maxisterio na propia asemblea autonomista, da que nos imos ocupar a seguir, darían tamén que falar. Deterémonos agora no relato dos debates que se produciron sobre os temas en aprezo no transcurso a Asemblea da Coruña e na análise das súas conclusións, para máis adiante entrarmos nas valoracións a que deu lugar, cunha atención específica aos problemas do ensino e á posición dos mestres.

3.3. Desenvolvemento da Asemblea autonomista

Seguimos o desenvolvemento da asemblea autonomista da Coruña a través dos minuciosos relatos dos xornais *El Pueblo Gallego* de Vigo e *La Voz de Galicia* [LVG] da Coruña do día seguinte á súa celebración²⁶, por mor de conseguirmos unha imaxe equilibrada, o máis completa e obxectiva posible, pois coidamos que eses dous periódicos eran os medios xornalísticos máis solventes da Galicia do momento, ao tempo que representaban actitudes contrapostas en relación á autonomía e á promoción do idioma galego. No escándallo que realizamos das reaccións á asemblea, tivemos en conta tamén a revista *Vida Gallega*, que ofrecía un espazo privilexiado para o discurso antigaleguista, e concretamente insistiu moito na reacción dos mestres, que nos interesa dun xeito especial.

Antes de nada hai que lamentar que os xornais soamente fagan referencia á lingua empregada (castelán ou galego) por tres oradores, o que non nos permite saber cal foi o idioma utilizado polos distintos asembleístas nas súas intervencións. A cuestión ten o seu miolo, pois de termos datos máis exactos por unha banda poderíamos percibir con máis claridade o grao de desenvolvemento de uso público do idioma galego neste tipo de actos, se non oficiais, cando menos oficiosos, e por outra banda teríamos un índice máis para medir o nivel de galeguismo que se respiraba na asemblea. Con todo, sabemos que se proferiron en galego os discursos inaugurais, especialmente solemnes, de Manuel Lugrís Freire e Antón Alonso Ríos, e que estes elevaron a temperatura da atmosfera emocional do acto, pois foron recibidos polo público con vítores e aplausos. Despois do comezo tan afervoadamente galeguista, a primeira intervención técnica en defensa da proposta da F.R.G., que correu a cargo de Lois Peña Novo, realizouse en castelán, polo que foi acollida “con muestras de desagrado por parte de los nacionalistas” (EPG), aínda que as explicacións que Peña Novo ofreceu para o emprego do castelán conseguiron aplacar os ánimos:

“explica entonces por que siendo él nacionalista y hablando siempre en gallego se manifiesta ahora en castellano, con objeto de dar cordialidad a las discusiones, por las tendencias que en ellas intervienen.” (EPG)

Pero o centro do noso interese constitúe a discusión dos artigos relacionados dun xeito ou outro co status do idioma galego, que de feito constituíron campos de batalla dos máis apaixonadamente disputados na xuntanza. A primeira liorta estoupou na discu-

²⁶ Vid. “La asamblea pro Estatuto, en La Coruña. Ayer quedó redactada la Carta de Galicia”, EPG (5/vi/1931): 1 e 8; “La Asamblea galleguista de La Coruña. ¿Habla usted gallego?”, LVG (5/vi/1931): 1 e 2.

sión do artigo 4º do anteproxecto: “Serán linguas oficiais del Estado Gallego la gallega y la castellana, indistintamente, y obligatoria por igual la enseñanza de las dos.” López Varela, que como xa sabemos actuaba como representante dos mestres e era dirixente do Partido Radical, presentou unha emenda en nome dos mestres ‘nacionales’ de Vigo e demais de Galicia asistentes á Asemblea, que rezaba así:

“Serán lenguas oficiales del Estado Gallego la castellana y la gallega, indistintamente, en las escuelas nacionales maternas y de párvulos, pudiendo utilizarse la segunda en los grados superiores de la enseñanza, como recurso pedagógico.”²⁷

A emenda é moi deficiente desde o punto de vista técnico, pois mestura a cuestión da oficialidade da lingua coa do seu emprego no currículo educativo (aínda que o artigo emendado caía na mesma confusión). Mesmo no suposto de que os redactores da emenda pretendesen reducir o status oficial do galego á súa presenza cabo do castelán nos primeiros niveis do ensino (entendemos entre os tres e nove anos) e como simple recurso pedagóxico en niveis superiores (nove a doce anos), a redacción proposta resulta francamente confusa. A súa defensa correu a cargo do propio López Varela, pero non coñecemos o contido exacto da súa intervención, pois desenvolveuse en medio dun balbordo considerable. Segundo *EPG*, “es aplaudido en muchos párrafos e interrumpido en otros por los nacionalistas”, mentres o cronista de *LVG* sinala que en canto López Varela falaba, “varios piden la palabra a la vez”, o cal produce “confusión que impide oír al orador, a quien los maestros aclaman, mientras otros elementos lo denostan”, en medio de “grandes griteríos”. Segundo o xornal vigués, López Varela referiuse en apoio da súa emenda á situación dos emigrados galegos “que desconocen el castellano” e á falla de unidade do idioma galego. O primeiro argumento, como sabemos despois de atopalo en varias ocasións, xa adquirira a categoría de tópico. O segundo argumento era máis novidoso, aínda que comezaba a soar cada vez máis. O cronista de *LVG*, pola súa banda, anota que o orador presentara a “cooficialidade” do galego e o castelán como “una realidad en las escuelas rurales”. Deixando á parte a formulación incorrecta, máis ben temos razóns para sospeitar que a información non se atíña á realidade. Para rematar, se o cronista de *LVG* non se engana, López Varela interpretaba a súa emenda nun senso algo máis xeneroso para o galego do que o seu teor literal semella dar a entender:

“Los maestros de Galicia aceptan la cooficialidad, enseñándose obligatoriamente la lengua materna en las escuelas maternas y de párvulos y habiendo en los demás grados absoluta libertad.”

Contra a emenda de López Varela interviñeron, entre outros, Antón Alonso Ríos (que para intervir no debate abandonou a presidencia, cedéndolla a Salvador Cabeza de

²⁷ Ofrecemos o texto que dá *EPG*, que non coincide completamente co que dan *LVG* e *Vida Gallega* 488 (20/VI/1931): “Serán lenguas oficiales el castellano y el gallego en las escuelas de párvulos, pudiendo utilizarse la segunda como recurso pedagógico en los grados superiores”. En todo caso, as diferenzas non afectan á substancia.

León), Basilio Álvarez, M. Lugrís Freire, Álvaro de las Casas e V. Paz Andrade. No mesmo senso que López Varela maniféstanse M. Porta (representante do ‘Secretariado de Galicia en Madrid’, que pretendera infructuosamente defender o proxecto deste), V. Fraíz (representante dos mestres), Marcelino Martínez Morás (en nome do ‘Colegio Pericial Mercantil de Vigo’) e Portal Fradejas (do ‘Colegio de Abogados de Santiago’). Toda a discusión se desenvolveu no medio dunha fogosidade e un barullo considerables. O máis notable das devanditas intervencións, a xulgar polos resumos de prensa, atópase nas palabras de Antón Alonso Ríos e de Basilio Álvarez. O primeiro, segundo *LVG*, “habla en nombre de doce mil emigrados”, matizando ademais que “no habla en nombre del indiano rico, sino del pobre, del peón o del carretero, que roba horas de sueño para sostener escuelas en Galicia”; e retrúcalle a López Varela: “Mientras el Magisterio español piense que va a hacer emigrantes, ese Magisterio será inútil”. Pola contra, o que el lles pide aos mestres, segundo *EPG*, é que “eduquen ciudadanos dignos de Galicia”. Non cómpre subliñar a oportunidade dunha réplica ao manido argumento da emigración exposto por Pérez Varela, vindo de parte de quen representaba na asemblea o colectivo emigrante na Arxentina. Na calor do debate, Antón Alonso, sinala que o castelán “casi nadie lo habla bien” en Galicia, o cal suscita protestas entre os concorrentes, e chega mesmo a facer “una defensa del inglés en comparación con el castellano” (supoñemos que referíndose á súa utilidade como lingua do comercio e a comunicación internacionais).

A seguir, intervén Basilio Álvarez que, segundo o cronista do diario vigués, “en tonos de exaltado lirismo pide el máximo respeto para la lengua vernácula”, reprocha que tan sequera se discuta a cuestión e fai a única declaración a prol do monolingüismo galego que se sentiu nesta sesión, e probablemente unha das escasísimas en todos estes anos: “Opina que sólo debía hablarse el gallego, porque nos uniría con Portugal y formaríamos así un pueblo, el más grandioso de la Península”, afirmación, que, segundo *EPG*, foi recibida con grandes aplausos polos nacionalistas. A versión que ofrece *LVG* desta insólita intervención de Basilio Álvarez é similar nas liñas xerais coa ofrecida por *EPG*:

“El sr. Álvarez (don Basilio) rebate a Varela y dice que lo espontáneo en Galicia es hablar gallego. Dice que si suprimimos la cooficialidad, nos lo agradecerían Portugal y Brasil. Agrega que eso debe aprobarse por aclamación.”

O máis abraiante é que as versións sobre a fortuna final da emenda presentada por López Varela son completamente opostas nun e outro xornal: segundo *EPG*, rexeitouse esta e aprobouse o artigo 4º sen modificacións; segundo *LVG*, a comisión fixoa súa. A última información é a que aboa *Vida Gallega*²⁸, ao afirmar que os mestres conseguiron que prosperase a súa emenda. Os representantes do Maxisterio, entre os que volve sa-lientar López Varela, destacaron de novo na sesión vespertina, cuestionando a atribución do ensino preescolar e primario ao Estado Galego, pois puñan en dúbida a capaci-

²⁸ Vid. “Después de la Asamblea Regional. Nuestros reparos a una intervención”, *Vida Gallega* 488 (20/vi/1931).

dade financeira deste para soste dignamente as escolas. A polémica, acesa como poucas, rematou coa retirada dos representantes do Maxisterio da Asamblea, e a súa posterior volta á mesma, previa transacción da súa emenda.

3.4. Reaccións ás posicións mantidas na Asemblea da Coruña

O primeiro comentario que salienta a posición dos mestres durante a asemblea, defendendo a súa actuación, procede do xornal *La Voz de Galicia*, que xa ao día seguinte, nun editorial, realiza a seguinte valoración:

“A los maestros no se les comprendió o no se les quiso entender. Querían ellos demostrar –y claramente lo confirmaron– que con entusiasmo tan galleguista como el de cualquiera de los que argumentaban frente a su criterio, dan y darán a la Escuela primaria y a la formación del niño lo que uno y otro requieren de ambiente y educación gallegos, pero sin restarles nada de lo que la realidad y la conveniencia de ser españoles exige que se ponga en la preparación de los hombres futuros de Galicia, que no han de sentir limitado su horizonte espiritual por las fronteras regionales ni por las del territorio nacional.”²⁹

Como se pode ver, o texto refírese ás cuestións polémicas só de esguello, aínda que deixando abondo clara posición do diario. Polo demais, semella obvio que os esforzos autonomistas non atopaban un eco moi positivo no rotativo coruñés, e concretamente a asemblea da Coruña non parece que lle resultase especialmente simpática. Así, ao principio do artigo denuncia de que os acordos tomados alí foran impostos pola “fuerza coactiva” dunha minoría, para máis adiante acusar á F.R.G. de aproveitarse de que tiña a maioría para esmagar a unha “cohibida” minoría. Pero das reaccións perante as devanditas discusións da Asemblea, as que máis resaltan son as de *Vida Gallega*, cun novo ataque aos galeguistas apoiado nos sectores máis españolistas do maxisterio, e maila réplica a esta que apareceu en *Céltiga*. Nun primeiro artigo, o editorialista de *Vida Gallega*³⁰, céntrase outra volta na cuestión lingüística. Dunha banda, sinala a reacción que produciu a intervención en castelán de L. Peña Novo e dous aspectos concretos da intervención de A. Alonso Ríos; doutra banda, insiste no asunto do bilingüismo, engadindo ao xa reiterado da emigración un novo argumento a prol do castelán. No que atinxe ao primeiro incidente, *Vida Gallega* interprétao así:

“El señor Peña Novo, el mejor hablante en gallego que tenemos, empezó hablando castellano y hubo de ser abucheado, lo cual no prueba claramente que se pida la cooficialidad de las dos lenguas, sinó el imperio de la vernácula, que puede parecer separatismo.”

Como se ve, enfatízase a anécdota, ao tempo que se interpreta con evidente esaxero. Na mesma liña de magnificación de aspectos de importancia secundaria, hai que situar o

²⁹ “Después de la Asamblea regional pro-Estatuto”, *LVG* (6/vi/1931): 1.

³⁰ Vid. “Después de la Asamblea Regional”, *Vida Gallega* 488 (20/vi/1931).

comentario á réplica de A. Alonso Ríos a López Varela. Da intervención do representante das colectividades emigradas, *Vida Gallega* salienta a referencia, feita de pasada por A. Alonso, a “la lengua castellana que casi nadie habla bien” [en Galicia], e mais á defensa que realizou do inglés en relación ao castelán. No tocante ao segundo, o articulista resolve a súa crítica nunha pura tautoloxía: “Hablar mal del castellano dentro de España, exaltar en España otra lengua no española contra ésta, no es hacer españolismo ni darse cuenta del valor del castellano.” Pero o importante aquí non é o que se di, mais o que se suxire. Chama poderosamente a atención nestes parágrafos o insistente emprego da construción negativa (“no prueba que”, “no es hacer españolismo”), co que se desliza o sobreentendido de que o único correcto sería facer o que non se fixo. De por parte, a presentación das posicións que se queren combater en clave negativa semella ter a finalidade de modalizalas como se fosen o reverso de verdades presumidas, indignas polo tanto de seren discutidas en por si. Deste xeito, o presuposto da última oración citada é que constitúe unha evidencia indiscutible que se debe facer “españolismo e decatarse do valor do castelán”: unha actitude diferente só se pode valorar como a negación desta.

Alonso Ríos tamén se referira á mala calidade do castelán falado en Galicia. Este argumento manexouse con certa insistencia en círculos galeguistas, habitualmente como mostra da escasa efectividade didáctica do sistema de ‘desarraigo’ lingüístico dos rapaces galegofalantes: a proximidade das dúas linguas e a marxinação do ensino da lingua ‘baixa’, a primeira lingua da maioría dos rapaces, facilitaba a aparición de continuas interferencias lingüísticas, que por unha banda desnaturalizaban o galego falado polos alumnos, e por outra banda desfiguraban o castelán aprendido. Debido á falla da aprendizaxe sistemática das dúas linguas, os rapaces empobrecían a súa expresión verbal nas dúas, do cal se podían derivar outros prexuízos pedagóxicos e psicolóxicos para eles. Castelao recolle esta argumentación en *Sempre en Galiza*:

“xustamente pol-a semellanza dos dous idiomas [...] na Galiza é imposible corromper a nosa fala sen corromper, ao mesmo tempo, a lingoa imposta [...] A interferencia das dúas lingoas rebaixa o desenrolo espirital do neno, porque non sabe falar na lingoa do mestre e ten vergonza de falar na lingoa que mamou. O neno non é dono de ningunha lingoa, porque o idioma imposto non logrou matar o seu idioma natural; pero logrou degradalo. O neno perde a expresión espontánea do pensamento e sofre un complexo de inferioridade que non-o abandoa mentras viva [...] O resultado final é que a lingoa imposta ‘non fecunda o campo das ideas’ e que os aldeáns van perdendo, pouco a pouco, os coñecimentos escolares. E dispóis de saberen ler i escribir, trócanse, moitas veces, en analfabetos.” (pp. 109-110).

Enganados ou atinados, estes eran os termos en que os galeguistas colocaban a cuestión da corrección idiomática do castelán falado en Galicia. Como se pode ver, a súa liña argumental non estaba guiada por unha actitude normativista ou prescritivista, mais pola preocupación por un desenvolvemento equilibrado da competencia lingüística dos/as alumnos/as e da súa personalidade (tanto no aspecto intelectual coma no afecti-

vo). En todo caso, a produción relativamente abundante de obras destinadas aos mestres en que se trataba a cuestión dos ‘defectos’ do castelán de Galicia (escritas, estas si, desde un ríxido prescriptivismo) é testemuño de que o problema existía. Ás consideracións de Alonso Ríos, *Vida Gallega* retruca cun parágrafo que paga a pena reproducir:

“¿Y quién le enseñó al señor Alonso Ríos que casi nadie habla bien el castellano? Lo que sucede es que en Galicia se habla el castellano de Galicia, vaciado en el molde del gallego, y no el castellano de Castilla; lo cual demuestra que los gallegos somos siempre gallegos, por encima del materialismo verbalista. Y, desde luego, ese castellano se habla muchísimo mejor que el gallego, tanto el del pueblo aldeano como el de creación de los intelectuales; que aquél, porque biológicamente va cambiando; que éste, porque es una ficción, una obra de laboratorio, que carece de los caracteres de las lenguas realmente vernáculas.”

Esta defensa do ‘castelán rexional’ aparece con certa frecuencia nos contradictorios das propostas galeguizadoras. Pero é unha defensa bastante falaz: por unha banda, cifrar a ‘galegitude’ lingüística do castelán rexional nas interferencias do galego parece pouco coherente; por outra banda, é claro que a referencia de corrección do castelán rexional é o castelán estándar, de xeito que o proceso de asimilación lingüística non remata naquel, mais conduce a este. En realidade o castelán rexional é unha variedade de transición cara ao castelán español, de maneira que dificilmente se pode considerar como a táboa de salvación da orixinalidade lingüística dos galegos. A presuposición implícita na primeira parte do parágrafo é que o idioma galego non era (ou xa non era) signo dunha identidade galega específica. Así, na mesma liña, argumentábase:

“Nadie, por saberlo [el castellano] y por hablarlo dejará de ser menos gallego ¿Es que el señor Alonso Ríos aún no se ha zafado de la *preocupación pueblerina* de que para pensar en gallego es necesario hablar en gallego?” (As cursivas son nosas).

Esta liña de raciocinio rebe unha concepción inmanentista da identidade galega, segundo a cal a galegitude é unha entelexia permanente e independente das súas manifestacións externas (ou cando menos da súa manifestación nunha lingua concreta), concepción que no fondo é coincidente coa dos galeguistas, salvante, claro está, o diferente lugar e función que a mesma recibe en cada un dos universos ideolóxicos. A referencia ao galego popular e ao galego culto en comparanza co castelán de Galicia tamén é merecente dunha reflexión. Fixémonos en primeiro lugar en que o galego popular se nos presenta como un produto lingüístico de inferior cualidade ao castelán rexional pola sinxela razón de que aquel vai “mudando bioloxicamente”. Se non fose pola comparanza explícita co castelán, coidaríamos que a aseveración sería unha simple mostra dunha visión bioloxista da evolución da lingua, xeneralizada na época. Pero a comparanza fúndase nun presuposto notable, que contradí a devandita interpretación: o de que o castelán, e máis concretamente o castelán de Galicia, a diferenza do galego popular, ou é un idioma fixo e inmutable, e por tanto non cambia (suposto que entraría en

flagrante contradicción coa mera existencia dun “castelán de Galicia, vaciado en molde galego”), ou que as variacións que aparecen en castelán non son produto dunha evolución “biolóxica”, mais, digamos, cultural. Deste xeito, estaríamos a explotación da dicotomía *natura* (connotada negativamente) / *cultura* (connotada positivamente) a favor do castelán.

É ben sabido que as linguas ‘normalizadas’ gozan dunha certa aureola de fixeza, que seguramente se pode explicar por dúas razóns: primeira, nelas a forma escrita ten unha importancia e prestixio maiores cá forma falada (e en certa maneira nos rexistros máis prestixiosos esta depende daquela), o cal ralentiza os cambios lingüísticos na variedade estándar; segunda, estes están regulados polas preferencias dun sector social reducido e moi determinado, e reciben sanción institucional. De aí que o imaxinario popular poida percibir que esa variedade estándar (tomada como representante do conxunto da lingua) é relativamente inmutable ou que, en todo caso, os cambios que se producen nela son institucionalmente controlados. Os idiomas en estadio vernáculo ou non plenamente estandarizados ofrecen o reverso desta imaxe: a forma escrita ten neles menos relevancia e acusa falla de fixeza; carecen dunha variedade estándar prestixiada que marque a pauta de corrección e estea institucionalmente controlada. Xa que logo, no imaxinario popular, nunha situación de superposición axiña salienta, en comparanza coa estabilidade da variedade ‘alta’, a variabilidade aparentemente profusa e descontrolada da variedade ‘baixa’. O cambio lingüístico nesta pode concibirse, polo tanto, como un fenómeno ‘biolóxico’. Coidamos non ser esaxeradamente suspicaces se vemos detrás deste adxectivo unha connotación de ‘corrupción’.

A carón da sutileza simplista (se se nos permite a expresión) do tópico anterior, a consideración do galego culto como “una obra de laboratorio, que carece de los caracteres de las lenguas realmente vernáculos”, explota unha contradicción visible no discurso galeguista, que defende o idioma galego en virtude do seu carácter auténtico, da súa, digamos, ‘vernacularidade’, ao mesmo tempo que se promove un cultivo literario que dilúe este carácter no galego culto. Contradicción esta que o galeguismo, atrapado nunha visión inxenuamente ‘naturalista’ da lingua e desprovisto do esteo dunha teoría sociolingüística suficientemente desenvolvida, no noso entender, non foi quen a afrontar³¹. Por parte, o estudoso que coñece a historia das linguas sabe que os atributos lingüísticos dun idioma normalizado (ortografía aceptada, gramática codificada, léxico amplo e fixado, variedade de estilos) non se xeran naturalmente, mais prodúcense ao longo dun proceso de maduración máis ou menos prolongado, e son o produto de intervencións ‘artificiais’. Ora ben, nunha situación de superposición entre unha lingua normalizada e un vernáculo, a consciencia lingüística popular percibirá que aqueles atributos son algo ‘dado’, ‘feito’ para a primeira, mentres que para o vernáculo sentiranse como unha carencia, como algo ‘por facer’. A adquisición de recursos por parte do segundo durante

³¹ Vid. sobre isto J. Fishman, *Language and Ethnicity in Minority Sociolinguistic Perspective*, Clevedon/Philadelphia, Multilingual Matters, 1989, pp. 289-312.

o proceso de estandarización parecerá ‘artificial’ mentres que a posesión deles por parte da lingua alta semellará completamente ‘natural’³².

Pero o miolo do parágrafo está nesa estimación de que o “castelán de Galicia” se fala “moitísimo mellor” ca o galego, tanto o “do pobo aldeán” coma o dos “intelectuais”. Tomada literalmente, a afirmación é sinxelamente absurda: en termos de mellor / peor, non se pode comparar como fala o castelán de Galicia un falante habitual desta variedade, con como fala o galego vernáculo outra persoa falante habitual destoutra variedade, nin con como fala galego culto outra persoa que o empregue habitualmente. En todo caso, pódese comparar como unha mesma persoa manexa cada unha das tres variedades, pero iso por vía da regra só nos informará sobre a competencia lingüística desa persoa ou a amplitude do seu repertorio lingüístico, non, claro está, sobre a cualidade intrínseca das variedades en cuestión. Pero precisamente a esta última era á que apuntaba *Vida Gallega*: o castelán é de seu “moitísimo mellor” ca o galego “aldeán” (bioloxicamente degradado) e non digamos xa ca o galego “intelectual” (ficción de laboratorio), e por contraposición suxírenos que o é entre outras razóns porque se trata dun idioma cidadán e culto, non corrupto nin artificial.

Por fin, unha relativa novidade do artigo de *Vida Gallega* é que o discurso utilitarista, e con el o argumento da emigración, son resoltamente deixados nun segundo plano, cedendo o protagonismo ás proclamas puramente ideolóxicas. É que agora se trataba de polemizar precisamente cun representante da emigración galega, que desautorizara cabalmente aquela liña. Os prexuízos ideolóxicos, que antes se contiveran, saen a relucir con paixón:

“No se enseñará el castellano solo para emigrar a América. Se enseñará para salir de la aldea, para venir a la ciudad, para incorporarse a la gran vida nacional, para ensanchar la patria, para relacionarse con el mundo [...] ¿Pero será posible que en el momento de lanzarse a la gran empresa de dar a Galicia estructura de pueblo emancipado, toda aspiración a realizar honorables y bellos sueños de grandeza, haya quien piense con ese hermetismo localista?”

³² A distinción entre linguas estandarizadas vía procesos de planificación e estandarizadas espontaneamente é moeda común na teoría sociolingüística. As primeiras serían o produto dun esforzo cultural sostido e deliberado que ten como obxectivo aumentar o prestixio dunha lingua baixa, mentres que o elemento consciente está ausente da segunda: “A dialect arose as the byproduct of non-linguistic prestige factors, without the need for heated campaigning by partisans” (J. E. Joseph: *Eloquence and Power. The rise of Language Standards and Standard Languages*, London, Frances Pinter, 1987, p. 60). Así, este autor distingue entre emerxencia planificada (*engineered*) e a emerxencia espontánea (*circumstantial*), Jernudd e Das Gupta distinguen entre *planning de happening* (B. H. Jernudd & J. Das Gupta: “Towards a theory of Language Planning”, en B. H. Jernudd & J. Rubin: *Can Language Be Planned? Sociolinguistic Theory and Practice for Developing Nations*, The Hague, Mouton, 1971, pp. 195-215; nas pp. 199-200). H. Kloss parece matizar un pouco a cuestión, pois ao definir o seu concepto de *Ausbau*, afirma que é unha variedade que foi “shaped or reshaped, molded or remolded [...] in order to become a standardized tool of literary expression [...] Terms such as reshaping or remodeling or elaboration, by focusing on deliberate language planning, help us to avoid a misunderstanding that the term development might lead to, namely that an ‘Ausbau’ might come about by that slow, almost imperceptible and quite uncontrolled growth which we are wont to call natural” (Kloss, H.: “Abstand Languages and Ausbau languages”, *Anthropological Linguistics* 9 (1967): 29-41; na p. 29. As cursivas son nosas). Pola nosa banda, sen negarmos a utilidade analítica da distinción, queremos facer constar que non percibimos que na realidade existan dous tipos de lingua estándar opostos tan tallantemente, un deles produto dunha evolución gradual, imperceptible e non controlada e outro dunha emerxencia súpeta, notoria, e totalmente deliberada, mais coidamos que existe un continuum de posibilidades entre as dous tipos de emerxencia.

E agora entramos xa no reino do preconceito. A estas alturas, xa se perderon de vista os temas discutidos na Asemblea (o recoñecemento oficial do galego, a introdución do idioma galego na escola, o establecemento dun sistema de bilingüismo escolar) e, desbotada toda posibilidade de convivencia pacífica e igualitaria entre o galego e o castelán, os dous idiomas aparecen xa plena e desigualmente confrontados: agora o xogo de oposición entre eles baséase na identificación do primeiro coa “aldea”, e da defensa da súa dignificación con “preocupaciones pueblerinas” (non atopo tradución axeitada a esta expresión castelá) produto do “hermetismo localista”; e na consideración do segundo como expresión lingüística axeitada para presentarse no escenario da “gran vida nacional”, a “cidade”, que abre a posibilidade de “ensanchar a patria”, de “relacionarse co mundo”, de “realizar honorables y bellos sueños de grandeza”. Non imos alongar o comentario: coidamos que a historia xa emitiu o seu veredicto sobre o papel da intelectualidade galeguista nucleada arredor da Xeración Nós, e en todo caso, noutros lugares deste e sobre todo noutros traballos se ten mostrado que non eran precisamente “preocupaciones pueblerinas” as que a atormentaron, nin a actitude de “hermetismo localista” a máis característica entre eles. ¿Quen se non un Otero Pedraio ou un Castelao se preocupou na Galicia do seu tempo por “ensanchar a patria”, “relacionarse co mundo” e “concibir belos sueños de grandeza”?

Vida Gallega volveu no seu seguinte número sobre a cuestión, na liña apuntada pero agora subliñando o seu carácter españolista e gabando a actitude do sector antigaleguista do Maxisterio: “Por lo que atañe a nuestro pleito patriótico, que es *el gran pleito españolista*, debemos poner de relieve la consoladora actitud del Magisterio Nacional”³³. Novamente é abordado o tema da organización do sistema educativo. Segundo *Vida Gallega*, a dependencia deste da administración central sería a única garantía dunha independencia

“honrosa y confiada frente a las imposiciones que no tardarían en surgir del lado de los poderes provisionales, más ganosos [...] de justificar la personalidad regional por medio de las lenguas vernáculos que de forjar una patria grande en posesión de una cultura universal con medios de expresión también universales.”

É que a escola ten a clave da cuestión lingüística:

“todo el problema lingüístico español depende de la escuela. Si la escuela no es sojuzgada por las exageraciones del nacionalismo, la cultura española será en español sobre todo, sin desviaciones vernáculos, que, sin añadirle nada a la verdadera personalidad regional, tan temibles son ya ahora en el orden material de la actividad utilitaria y tan funestas habrían de ser para la hegemonía hispánica en la parte del mundo que hemos civilizado y que nuestro espíritu tiene derecho a conservar en amplia convivencia.”

Como se ve, as variedades lingüísticas distintas ao castelán son concibidas como simples ‘desviacións’ (a norma implícita da que se desvían é, obviamente, o castelán), redundantes desde o punto de vista mesmo da identidade das comunidades que as falan, e

³³ “Compás de espera”, *Vida Gallega* 489 (30/VI/1931). As cursivas son nosas.

molestas tanto na orde práctica canto na ideolóxica. É moi notable, neste parágrafo coma en tantos outros que citamos, que na defensa do castelán se insista tanto na súa proxección internacional. Desde o punto de vista puramente práctico, isto ten unha relevancia acusada nunha situación de forte emigración como a galega (emigración dirixida naquel momento fundamentalmente a Latinoamérica), pero ademais, desde o punto de vista ideolóxico, isto débenos facer reflexionar sobre o feito de que na visión moderna das linguas, ademais da característica ligazón lingua/nación (que vemos tan adoito resaltada por estudosos franceses e alemáns), cando menos en certas situacións (pensamos por exemplo na Irlanda en que o gaélico competía co inglés nun contexto de forte emigración cara a Norteamérica), a dimensión internacional resultou de grande importancia.

O estraño, por non dicir contradictorio, é que a liña de razoamento expresada no artigo tamén lle reconece ao galego esta dimensión internacional, e a fin de contas isto sèrvelle para propugnar o mantemento das dúas linguas concorrentes en Galicia:

“Lo nuestro es defender el tesoro del bilingüismo de Galicia, que [...] nos permite relacionarnos a la vez con Portugal y el Brasil, por un lado, y por el otro con todas las demás repúblicas americanas.”

É unha reflexión desconcertante como colofón dun discurso en que o galego aparece pintado como unha ‘desviación vernácula’, un idioma mal falado polo pobo e artificioso na boca das persoas cultivadas, etc. É inescapable que neste contexto, o que realmente importa son as intencións concretas (marxinación do galego do ensino, descrédito dos galeguistas), mentres que as argumentacións a prol do bilingüismo son pouco máis (ou pouco menos) ca retórica.

3.5. A reacción galeguista: a revista *Céltiga*

A crítica galeguista máis contundente ás posicións mantidas polos representantes dos mestres na Asemblea da Coruña procedeu de Alfredo Canalejo, quen comeza por lles negar representatividade, ao tempo que anuncia que se produciron baixas na Asociación de Mestres como protesta pola actitude destes³⁴. A acusación principal que este autor lles imputa a tales delegados é a de corporativismo descarnado, tanto fronte a cuestión da lingua canto na cuestión das competencias do previsto Estado galego en materia educativa, corporativismo a penas esgochado por manifestacións de galeguismo que se alcuman de insinceras:

“Quenes diron a mala nota na Asambléa foron –digámolo sen arrodeos– os mestres. A impresión que deixaron no paladar moral dos concurrentes [...] foi a d’un desmedido arreconchegamento aos degredos, escalafons, aumentos de soldo e demais garan-

³⁴ “Eses delegados non representaban, nen moito menos, a todo-los escolantes galegos [...] (D’allures, sabemos de algún escolante da Cruña que darase de baixa inmediatamente da Asociación de Mestres)”. A. Canalejo: “Olladas. A lingoa e mail-os mestres”, *Céltiga* 160 (25/VIII/1931). As páxinas desta revista non ofrecen numeración. O único dato que posuímos deste personaxe é que colaborou na colección ‘Lar’ cun volume titulado *Contos* (Colección ‘Lar’ nº 38, 1927). Véxase a sucinta noticia que ofrece D. Vilavedra (ed.), *Diccionario da Literatura Galega*. Vol. I. Autores, Vigo, Galaxia, 1995, p. 105.

tías de vida. A súa profesión de galeguismo non convenceu a ningún, coasementa [...] De contra d'esto, o noso escepticismo germola igualmente na desconfianza dos mestres no futuro Estado galego. Quen non conceda, desde ja, aínda que iso poida envolver algún risco, un mínimo de confianza ou de esperanza nos próximos poderes galegos, non é merecente nen do creto dos seus paisanos e do seu Estado, nen aínda o tido de cidadán galego.”

Sobre a acusación de corporativismo fronte aos intereses xerais de Galicia, impútaselles tamén a de egoísmo verbo dos seus alumnos:

“A ‘categorización’ do galego para os fins pedagóxicos e máis como materia de insino créalles, no seu ver, unha nova dificultade, inda que implique todo o contrario pra os nenos. Os escolantes, que tiveron teima enorme en apareceren coma vítimas ou mártires da educación e da cultura, refugaron o seu propio sacrificio, inda que era no beneficio dos rapaces. ¿E imos nós, os demais galegos, ter fê n-eles para a regaleguización da nosa cultura, vendo-os se furtar a tal pequeno sacrificio?”

Por parte, Canalejo pon en dúbida a afirmación dos voceiros do Maxisterio de que eles xa viñan usando nos niveis inferiores do ensino: “Mais ou menos, todos temola seguranza de que ningún d’eles –dos mestres que faloron– valse do galego pra o insino aos rapaces”³⁵. Pero A. Canalejo non se limita á crítica circunstancial aos participantes na Asemblea da Coruña e ao tratamento da cuestión da lingua no ensino desde un punto de vista exclusivamente pedagóxico, máis adopta un punto de vista xeral, reiterando a posición clásica do galeguismo: o ensino unilingüe en castelán é ineficaz para capacitar lingüisticamente os rapaces galegófonos, de xeito que “o povo [...] de cote veuse no deber de a falar [a lingua castelá] e, non obstante, sen o dereito a deprendela”. Pierre Bourdieu ten analizado este fenómeno da diferenza estrutural entre a distribución desigual do *coñecemento* da lingua lexítima e a moito máis uniforme, grazas precisamente ao sistema escolar, do *recoñecemento* dela. O efecto de ‘*décalage*’ entre o recoñecemento e o coñecemento da lingua lexítima en situacións diglósicas provoca un sentimento de frustración na comunidade de lingua baixa, á que se mostra o prestixio da lingua alta, ao tempo que se lle nega un acceso real a ela³⁶. A. Canalejo exprésao á súa maneira e tira a súa propia conclusión:

“A invocación, por moitos castelanizantes, d’unha maior simplicidade e capacitación pra os humildes co’o insino unilingoal, inda que somella unha consideración altruista, contén moito de soberba e distanciación, e hastra de escarnio. Hai no fondo unha certa fruición de se ver n-unha outura inasequibele ao povo, e *que lles asegura o usufructo da reticencia e da censura* contra o que nunca, ao ver d’eles, falará ben a língoa que eles empregan” (As cursivas son nosas).

³⁵ Así e todo, dá a impresión de o texto non se preocupa tanto de desmentir que o recurso pedagóxico ao galego sexa máis ou menos usual entre os mestres, coma que López Varela e os outros voceiros botasen man deste recurso.

³⁶ P. Bourdieu, *Ce que parler veut dire. Économie des échanges linguistiques*, Paris, Fayard, 1982.

Deste xeito, a diferenza de linguas convértese nunha barreira entre as clases, nunha marca das diferenzas sociais: “A privanza, o predominio de esta lingua intrusa na mesocracia e mais nos ricos estableceu unha evidente sebe coasemente infranqueable”. Na introdución do galego no ensino, mesmo para os castelanfalantes, e a conseguinte bilingüización do conxunto da sociedade (os castelanófonos orixinarios quedarían capacitados para falar galego, mentres que os galegófonos aprenderían o castelán), o autor ve a posibilidade de dotar de maior cohesión a sociedade galega e reducir as distancias sociais entre as clases altas e as clases baixas:

“O insino do galego implica, de por parte, unha intención outamente democrática, pois que genera unha aproximación das crases cultas ao povo, moito mais rápida e eficiente ca non a de estimulación do castelán nos humildes.”

Desde este punto de vista, a normalización da lingua aparece contemplada como un proceso que debe contribuír a cohesionar unha sociedade horizontalmente escindida ao longo de liñas de clase reforzadas por barreiras lingüísticas. A superación de tal escisión aparece, en visión ao noso entender moi acertada, como unha tarefa democrática. Precisamente o bilingüismo oficial (e escolar) preséntase como único marco que permite conxugar o principio democrático de non discriminación de linguas e de liberdade para cada unha delas co mantemento da necesaria cohesión cultural no interior da sociedade, nunha formulación transida de idealismo:

“Debemos acurtal-as distancias, ¿non sí? Pois faigámolo repartindo o esforzo equitativamente: se o povo ha de botar a andar ‘hacia arriba’ en percuo do castelán [...], que os mais cultos realicen tamén un avance ‘hacia abaixo’ [...] cara ao galego, saíndolle ao alcontro ao povo, pra o atopar no medio do camiño. Que os «d’arriba» dean o exemplo, coma os mais obrigado a o facer, «regaleguizándose» de par que os «d’embaixo» adquiren, destonces, o castelán coma un dereito e non coma unha imposición de algo superior e inabranguíbele.”

4. O GALEGO NAS ESCOLAS NORMAIS: LONGA MARCHA CARA A NINGURES

Probablemente, os galeguistas chegaron á conclusión que un bo primeiro paso, modesto pero práctico e alcanzable, para achegarse ao ambicioso obxectivo da introdución do idioma galego no ensino sería a creación de Cadeiras de lingua galega nas Escolas Normais de Galicia, que eran as encargadas de formar os futuros mestres. Existían precedentes tanto remotos coma recentes para tal reivindicación³⁷ e o Ministro de Instrucción Pú-

³⁷ Vid. A. Boullón Agrelo & F. Tato Plaza, “A cátedra de Lingua e Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela: datos para a historia dunha reivindicación”, en M. Brea & F. Fernández Rei (eds.), *Homenaxe ó profesor Constantino García*, 2 vols., Santiago de Compostela, Universidade, 1991, vol. II, pp. 33-53.

blica do primeiro gabinete republicano publicara a 9 de xuño de 1931 un decreto complementario do de bilingüismo no que se dispuña a adecuación das Escolas Normais catalás ás novas esixencias, para o cal previa ademais a creación de cadeiras de lingua catalana nelas³⁸. Canto a Galicia, habería que agardar a setembro/outubro de 1931 para que, coincidindo aproximadamente coa discusión parlamentar do artigo 4º da Constitución que abría a porta ao recoñecemento legal do galego, saísen á luz pública unha serie de pedimentos dirixidos ao Ministro. Uns días despois de que unha comisión de deputados e persoeiros galeguistas se entrevistase co Ministro para solicitar a creación dunha cadeira universitaria de Historia de Galicia, comezamos a sentir falar das cadeiras de lingua galega nas Escolas Normais. Primeiro, infórmasenos de que Castelao, Otero Pedrayo e Salvador Cabeza de León (daquela presidente do Seminario de Estudos Galegos) realizaran algunha xestión, e de que Manuel Portela Valladares (que era deputado por Lugo) concertara unha entrevista con Marcelino Domingo para tratar do tema³⁹. Días máis tarde, *EPG* dedica o seu editorial ao asunto, facendo público un compromiso (bastante vago) do Ministro:

“D. M. Domingo prometió a nuestro director [M. Portela] que [...] acaso no pase mucho tiempo sin que se promulgue el oportuno decreto creando en las Escuelas Normales de Pontevedra, Lugo, Orense, Santiago y La Coruña las mencionadas cátedras de lengua y literatura regionales.”⁴⁰

Co gallo de tal pretensión, o xornal insiste na conveniencia de promover o uso do galego no ensino, por razóns de tipo educativo e cultural. Verbo da situación daquel momento, faise referencia á abundancia de mestres foráneos que están a exercer en Galicia, mentres que o monolingüismo en galego é xeral entre os rapaces “de las aldeas del interior de la región”. Con respecto aos obxectivos do propio sistema educativo, a galeguización do ensino xustifícase, ademais de por un principio de efectividade pedagóxica, en nome dunha educación “racional” e “integral”, o ideal educativo dos intelectuais republicanos:

“la transmisión de los simples conocimientos científicos con un instrumento idiomático extraño al pensamiento y al oído del alumno sería, en todo caso, cuestión de paciencia y esfuerzo; pero la educación integral, en esas condiciones, es totalmente imposible.”

Como para marcar distancias coas posicións anti-galeguistas, que todo ao máis estaban dispostas a outorgar que se empregase o galego ‘usual’ como apoio pedagóxico para unha máis completa asimilación ao castelán (modelo transicional e asimilista), solicítase unha capacitación lingüística en galego cabal para o mestre, para que este se converta “el artífice principal de la perfección, en riqueza y estilo, de la lengua de nues-

³⁸ Vid. Molero Pintado, *La reforma educativa de la Segunda República*, p. 68.

³⁹ Vid. “Las cátedras de lengua gallega en las normales de Galicia”, *EPG* (4/X/1931): 1.

⁴⁰ Vid. “Las Cátedras de gallego en las Escuelas Normales”, *EPG* (6/X/1931): 1.

tros maiores”. Por fin, relátasenos unha entrevista formal para tratar do tema entre Marcelino Domingo e un grupo de deputados galegos encabezado por Castelao, R. Otero Pedrayo e M. Portela Valladares, e en que figuraban A. Vilar Ponte, R. Suárez Picallo e Gómez Paratcha, grupo reforzado ademais pola presenza do líder da F.R.G./O.R.G.A. e daquela Ministro de Gobernación Santiago Casares Quiroga. Marcelino Domingo asegurou que presentaría o asunto, cun informe favorable seu, no primeiro Consello de Ministros que se celebrase. Mesmo se falou de que se encargaría de levar adiante o proceso unha institución “con solvencia intelectual”, para o cal os deputados propuxeron o Seminario de Estudos Galegos, suxestión acollida favorablemente polo ministro. Segundo relata o xornal, este despediuse dos deputados coa frase: “Den ustedes por hecho lo que solicitan.”

A aprobación da medida semellaba a tal punto inminente, que aos poucos días, un artigo asinado por J. Antonio Valles⁴¹ quéixase de que ante a creación das cátedras de galego se están a promocionar só a *Gramática do idioma galego* de M. Lugrís Freire⁴² e o *Vocabulario galego-castelán* das Irmandades da Fala⁴³, sen ter en conta o *Diccionario galego-castelán* de Leandro Carré Alvarellos⁴⁴, ao que lle dedica grandes gabanzas. As queixas ían dirixidas contra A. Villar Ponte, que uns días antes, comentando na súa sección habitual⁴⁵ a sesión das Cortes constituíntes en que interviñeran Castelao e Otero Pedrayo, urxía a publicación de gramáticas e dicionarios feitos concienzudamente, ao tempo que anunciaba a saída da segunda edición da *Gramática* de M. Lugrís, e maila estampa dun novo *Vocabulario castelán-galego* das Irmandades da Fala. Aínda a mediados de outubro, o Partido Galeguista de Pontevedra envíalle un telegrama ao Ministro insistindo nas reivindicacións presentadas e os compromisos adquiridos⁴⁶. Secomasí, o cumprimento da promesa do Ministro adiariase tanto que Galicia non chegou a contar coas devanditas cadeiras en todo o período republicano. O resumo dos esforzos investidos durante este ano de 1931 ofrécenolo unha testemuña de excepción, o propio Castelao, cando escribe en 1940:

“o Goberno provisioal da República fíxose o xordo cando Galiza demandou un decreto a favor do bilinguismo escolar, semellante ao que se lle concedeu a Cataluña, e o

⁴¹ J. A. Valles, “Las Cátedras de Gallego y el diccionario”, *EPG* (13/X/1931): 1.

⁴² Non esquezamos que xustamente en 1931 saíu a segunda edición desta gramática, cuxa primeira edición se realizara en 1922.

⁴³ Supoñemos que se referirá ao *Vocabulario popular galego-castelán*, editado por *El Pueblo Gallego* en 1926. As Irmandades da Fala publicarían un vocabulario máis amplo castelán-galego en 1933.

⁴⁴ L. Carré Alvarellos, *Diccionario galego-castelán*, 2 vols., A Coruña, Lar, 1928-1930. Este dicionario tamén coñecería unha segunda edición en 1933, desta vez na Imprenta Zincke Hermanos.

⁴⁵ A. Vilar Ponte: “Exemplos. A Gramática de Lúgrís”, *EPG* (8/X/1931): 1 [=“A Gramática de Lúgrís Freire”, en A. Vilar Ponte, *Pensamento e Sementeira*, Buenos Aires, Eds. Galicia, 1971, pp. 38-9].

⁴⁶ Vid. Castro, *O galeguismo na encrucillada republicana*, vol. I, p. 102, onde se cita unha acta do Comité Executivo do P.G. de Pontevedra con data do 17/X/1931.

Ministro de Instrucción Pública contestou a todol-os telegramas que nós lle dirixíramos coa mesma fórmula revellida: “Este Ministerio estudia con sumo interés el caso que ustedes le plantean”. Eu recibín, por tres veces, a promesa de que se crearían Cátedras de galego nas Escolas normais de Galiza, e na derradeira conquerrín autorización para comunicalo â prensa; pero eran promesas falsas” (*Sempre en Galiza*, p. 242.)

5. A SEGUNDA TENTATIVA AUTONÓMICA: O ESTATUTO DOS PARLAMENTARIOS

Despois da entusiástica e un pouco atrapallada Asemblea da Coruña de xuño de 1931, convocada en pleno fervor pola nacente República, e dadas as reticentes reaccións dos sectores que non se sentiron representados nela, o proceso autonómico galego tentou reconducirse pola vía do consenso entre as distintas forzas con representación parlamentar. Inmediatamente despois de realizadas as eleccións a Cortes constituíntes, retómase a cuestión do Estatuto, poñéndoa na man dos deputados galegos. Estes, ao longo dunha serie de xuntanzas iniciada o 12 de xullo e rematada o 25 de outubro de 1931, elaboran o seu propio anteproxecto (o “Estatuto dos parlamentarios”), cun texto de compromiso entre os representantes dos distintos grupos (incluídos os radicais e a dereita republicana)⁴⁷. Soamente os deputados socialistas refugarían abertamente apoiar este anteproxecto, pois o Congreso rexional galego do P.S.O.E., reunido en Monforte o 17 de outubro do mesmo ano decidiu que o partido debía asumir unha postura decididamente anti-estatutista, que mantivo practicamente ata que se integrou no *Frente Popular* (fins de 1935-primeiros de 1936). En outubro de 1931, co debate constitucional adiantado, xa se sabía que a Constitución española non ía ser federal, pero o modelo autonómico seguía sen estar perfilado (entre outras cousas, non estaba definido o procedemento que debían seguir os Estatutos de Autonomía), de xeito que a tentativa de “Estatuto dos Parlamentarios” tamén resultou fanada por prematura⁴⁸.

O breve texto desta proposta, axustado ao proxecto de Constitución que se estaba a discutir nas Cortes, define no seu artigo primeiro a Galicia como “región autónoma dentro de la República española” e contén dúas indicacións verbo da lingua. O artigo 4º establece a cooficialidade e as obrigas que esta impón aos funcionarios: “Serán lenguas oficiales en Galicia, indistintamente, el castellano y el gallego. Los funcionarios que actúen en la Región deberán conocer el idioma gallego.” Conforme o establecido no proxecto constitucional da República, as competencias sobre o ensino aparecen distribuídas entre a Administración central e a autonómica (artigo 11º):

⁴⁷ O breve texto publicouse baixo o título “Estatuto Gallego”, en *A Nosa Terra* 289 (1/XI/1931): 3-4, e está reproducido en X. A. García Cotarelo, *A autonomía galega (1846-1981)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1986, pp. 267-71.

⁴⁸ Vilas Nogueira, *O estatuto galego*, p. 158-64; Bozzo, *Los partidos políticos y la autonomía*, p. 283-8; Castro, *O galeguismo na encrucillada republicana*, vol. 1, pp. 82-96.

“La región gallega creará y sostendrá Instituciones de cultura y Centros de enseñanza en todos sus grados y órdenes paralelamente con las Instituciones docentes del Estado. En las Escuelas nacionales será obligatoria la enseñanza de las dos lenguas, castellana y gallega.”

Como se ve, a solución adoptada resulta dun compromiso entre as posturas enfrontadas na Asemblea autonomista, tanto na cuestión das competencias sobre o ensino, coma na das linguas (nótese que se deixa sen explicitar a lingua vehicular da educación). A xulgar pola fórmula consagrada no texto, a posición dos parlamentarios galeguistas debeu de manterse firme na defensa da cooficialidade da lingua. Esta segunda tentativa de pór en marcha o proceso autonómico galego estivo arrodeada dun ambiente menos polémico, pero tamén máis tépedo, cá primeira. O último paso oficial que deu o “Estatuto dos Parlamentarios” na súa tramitación, foi a entrega ao presidente da Deputación provincial da Coruña, para que este á súa vez o sometese á consideración das catro deputacións galegas. *La Voz de Galicia* seguiu este trámite con especial atención, como se pon de manifesto na detallada información que ofrece e nos tres editoriais que publica sobre o tema. Nos tres artigos, que fixan a posición do xornal perante o Anteproxecto dos parlamentarios, espreitan os asuntos que nos interesan. A actitude pouco receptiva cara ao idioma galego será unha constante do tratamento que lle dispensou ao anteproxecto. Vexamos.

Xa no primeiro editorial, o rotativo coruñés sinala a súa satisfacción ante a proposta dos parlamentarios (que se xulga moito máis moderada cá saída da asemblea de xuño promovida pola F.R.G./O.R.G.A.), e as súas reservas ante a cooficialidade das linguas:

“El Manifiesto nos sugiere un comentario favorable a sus términos generales. Hay una gran distancia entre lo razonable que ahora se dice y propone, y lo que se decía y sostenía el 4 de Junio [...] Contiene aún la ponencia algunos puntos discutibles, especialmente en lo que se refiere a la lengua y a la enseñanza.”⁴⁹

Puntos que os sectores reticentes aínda tiñan a esperanza de que poderían corrixir, pois agardaban que o Anteproxecto sería discutido no acto de entrega ás Deputacións. Dado que isto non aconteceu, a decepción destes sectores foi manifesta, como axiña teremos ocasión de ver. O mesmo día que se realizaba o acto solemne de entrega do texto á Deputación, outro editorial do mesmo xornal insistía nos dous temas (a oficialidade e o ensino)⁵⁰, que consideraba de “interés fundamental”, agora con maior desprestigio de argumentos. En primeiro lugar, o editorial considera as previsións do anteproxecto conformes á Constitución Republicana, pero entende que nos puntos en aprezo as disposicións desta estaban pensados especificamente para Cataluña, sendo que a situación lingüística de Cataluña era moi distinta á de Galicia:

⁴⁹ “El Estatuto de Galicia: Ante la próxima Asamblea de Parlamentarios. Una impresión de la nueva ponencia”, *LVG* (20/x/1931): 1.

⁵⁰ “La Asamblea de parlamentarios gallegos: Temas culminantes”, *LVG* (25/x/1931): 1.

“Los artículos 4º y 11º de la ponencia se han adaptado a lo que la Constitución del Estado permite. Pero los artículos de la Constitución han sido aprobados por las Cortes con vistas al problema y la satisfacción de Cataluña. El problema de la lengua no es en Galicia como en Cataluña. El idioma gallego, en su uso efectivo, en nuestra región, no admite comparación con la generalidad con que el catalán se emplea en Cataluña.”

Posta a comparación nesos discretos termos, escatímanse datos fundamentais para entender o problema: o lector queda sen saber se a maior ‘xeneralidade’ de emprego do catalán reside nas porcentaxes de falantes sobre o conxunto da poboación, na extensión territorial, en que o falan tódalas camadas sociais, ou ben en que se utiliza en moitos máis ámbitos. Claro está que se explicitasen as diferenzas, saíría á luz a evidencia de que o galego era falado por unha porción da poboación relativamente maior en Galicia ca o catalán en Cataluña (onde o peso demográfico da inmigración xa era moi notable daquela), e que a verdadeira diferenza radicaba no status socio-cultural diferente das comunidades galegofalante e catalanfalante. Na mesma vea, o editorialista sinala cal é o tope máximo que considera conveniente para o emprego do galego no ensino. Este límite é o do emprego transicional no nivel primario no medio rural:

“En la escuela primaria aldeana podrá ser conveniente la utilización de la lengua regional. En las ciudades, la cuestión varía. Y en los demás grados de la enseñanza, ni en la ciudad ni en ninguna parte de la región hay nada que aconseje que se use el gallego como instrumento pedagógico. Esa es la opinión imperante en Galicia: lo que satisfará los deseos de las gentes del campo como de las gentes urbanas.”

Xa que logo, o emprego do galego no ensino concíbese como medio para facilitar a asimilación lingüística da poboación galegofalante. De novo se propugna a bilingüización unilateral: os rapaces castelanfalantes non tiñan necesidade de aprender o galego, xa que eles podían seguir a ser monolingües, mentres eran os galegofalantes os que se debían esforzar en ser bilingües. En todo caso, hai que subliñar que no razoamento de *LVG* hai un recoñecemento, todo dubitativo e implícito que se queira, da ineficacia ou inconveniencia do modelo de desarraigo lingüístico aplicado ata daquela aos párvulos galegofalantes, que tan afervoadamente viña defendendo *Vida Gallega* como única garantía de estes rapaces aprenderen o castelán.

Xa despois da celebración do acto de entrega do texto ao Presidente da Deputación provincial da Coruña⁵¹, o xornal fai notar a falla de ambiente popular que dese calor á reivindicación autonomista, atribuíndo este escaso entusiasmo a que o pobo “repugna el tono nacionalista que han venido coloreando todas las tentativas de organización regional”. De resto, o editorial reitera os puntos de vista coñecidos sobre a introdución do galego no ensino, aínda que esta volta atende tamén á cuestión tales como a presenza do idioma na Universidade (que fai eco do recente debate nas Cortes sobre o asunto, co gallo da discusión do artigo 48 da Constitución) ou o estudo do galego nas Escolas

⁵¹ “Impresiones de una jornada”, *LVG* (27/x/1931): 2.

Normais, asunto posto de actualidade polas demandas presentadas ao Ministro de Instrucción Pública a que xa nos temos referido:

“El instrumento de la enseñanza [...] debe ser siempre el castellano, en todos los grados, incluso el universitario, salvando así el margen que el artículo 48 de la Constitución ha dejado a Cataluña y que Galicia non debe ni tiene por qué aprovechar.”

A introdución do galego fóra das estreitas marxes deseñadas anteriormente sería unha fonte de perturbacións:

“El gallego como instrumento de enseñanza sólo en la escuela primaria rural puede ser útil: fuera de ella, no serviría más que para complicar [...] Que se haga obligatoria la enseñanza de la lengua gallega en todas las escuelas primarias, no lo juzgamos preciso y será perturbador.”

É neste contexto que *LVG* se manifesta mornamente a prol da reivindicación das caadeiras de galego para as Escolas Normais de Galicia: “Que se enseñe, pues, el gallego en las Escuelas Normales, como una asignatura, bien; podría ello reportar ventaja a algunos maestros”. En definitiva, non fai falla insistir na óptica parcial con que *LVG*, erguéndose en voceiro das camadas acomodadas urbanas castelanófonas, aborda a problemática lingüística. O asunto preséntase simplificando os seus termos na dicotomía cidade-campo, ignorando a situación das camadas populares da periferia urbana e a situación de conxunto das vilas, que constituían un hábitat semi-urbano: nestes medios, que constituían o ámbito privilexiado para a defección lingüística (o *language shift*), os problemas lingüístico-pedagóxicos seguramente non eran menos agudos ca nas propias aldeas. Claro que a presentación simplista e acrítica do problema encaixaba moito mellor no clixé diglósico que identificaba o castelán coa cidade e o progreso e o galego co campo e o atraso.

Para rematar, imos facer referencia á notable presenza do galego no acto solemne de presentación do anteproxecto de Estatuto de Autonomía. Segundo as recensións da prensa⁵², dos doce persoeiros que interviñeron no acto, seis fixérono en galego: nacionalistas declarados como Manuel Lugo Freire, Ramón Otero Pedrayo ou Ramón Suárez Picallo, pero tamén líderes republicanos como Bibiano Fernández Ossorio-Tafall, Alfredo Somoza e o mesmo López Varela, o deputado radical que salientara na Asemblea da Coruña na defensa das teses centralistas en materia de ensino⁵³. Semella que algo se

⁵² Cotexamos as informacións ofrecidas por *LVG* (“Galicia y la Autonomía. Fué entregado a las Diputaciones el proyecto de Estatuto regional”, *LVG* (27/x/1931): 1-2) e *EPG* (“Fué ratificado el Estatuto de Galicia”, *EPG* (27/x/1931): 1).

⁵³ Os dous xornais consultados coinciden no dato que López Varela falou en galego. Secomasí, é curioso como cada un deles reflicte a súa intervención. Segundo *EPG*, “en nombre del Partido Radical, de los maestros y de los trabajadores se adhiere al Estatuto y promete defenderlo, ya que así cree defender la causa de Galicia”. Segundo *LVG*, “se refiere a los temores que despierta el nacionalismo, y proclama que él, en todo caso, es hombre de izquierdas, radical”.

avanzara na promoción do uso do galego no ámbito público, pois lémbrese que uns meses antes, na Asemblea da Coruña un persoeiro nacionalista fora apupado por comezar a súa intervención en castelán. Coidamos tamén significativo que a prensa comece a dar conta con tanta atención do emprego do idioma galego neste tipo de actos oficiais.

6. CARA Á APROBACIÓN DO ANTEPROXECTO DE ESTATUTO DE GALICIA DE 1932

Contra os finais de 1931, o debate da Constitución⁵⁴, a evolución do proceso autonómico e a política dos dirixentes da O.R.G.A., nomeadamente Santiago Casares Quiroga, puxeran de vulto as limitacións desta organización verbo da asunción das reivindicacións políticas galeguistas. Isto aguilloou os grupos nacionalistas para procuraren a constitución dun Partido que optimizase as súas actividades políticas e que os desmarcase con claridade do partido hexemónico en Galicia. Efectivamente, a VII Asemblea Nacionalista, celebrada a iniciativa dos galeguistas de Pontevedra nesa mesma cidade os días 5 e 6 de decembro de 1931 sería a derradeira das Irmandades da Fala, pois nela acordouse a disolución desta organización no simultaneamente fundado Partido Galeguista⁵⁵. O novo partido reclama, por vez primeira na historia de Galicia, o recoñecemento do dereito de autodeterminación de Galicia, aínda que fixa como o seu principal obxectivo político a consecución dun Estatuto de Autonomía que outorgue a maior cota posible de autogoberno aos poderes galegos. Coa fundación do Partido Galeguista [P.G.], o movemento nacionalista galego dótase dun instrumento novo, un partido político, imprescindible para actuar eficazmente nas condicións que ofrecía a democracia republicana. Ademais de pola definición inequivocamente nacionalista do P.G. fronte ao tépedo autonomismo da O.R.G.A./F.R.G., a organización galeguista contrasta coa republicano/autonomista polo carácter inicialmente centrista da primeira en cuestións daquela tan delicadas coma a relixiosa (fronte ao aberto aconfesionalismo da O.R.G.A.), pola orientación ruralista dos galeguistas (fronte á francamente urbana dos republicano-autonomistas), pola importancia e a relativa autonomía do compoñente ideolóxico-cultural do nacionalismo fronte ao

⁵⁴ Durante o debate sobre a articulación territorial do Estado, a maioría da O.R.G.A. abandonou a opción federal e apoiou a alternativa defendida pola maioría do republicanismo español (que tamén abdicara dunha longa tradición federal), o “estado integral”, que previa que se outorgasen estatutos de autonomía as “rexións” que o demandasen. Entre os deputados galegos, ademais dos galeguistas (especialmente Suárez Picallo, Castelao e Otero Pedrayo), soamente se mantiveron fieis á opción federal os republicano-autonomistas (O.R.G.A./F.R.G.) Ramón M. Tenreiro, Laureano Gómez Paratcha e Bibiano Fernández Osorio Tafall e mailo radical Basilio Álvarez. Na defensa da opción do “estado integral” destacou Roberto Nóvoa Santos. Vid. Castro, *O galeguismo na encrucillada republicana*, vol. I, p. 85.

⁵⁵ Sobre a VIIª Asemblea nacionalista, vid. González Beramendi, *Vicente Risco no nacionalismo galego*, 2 vols., Santiago de Compostela, Edicións do Cerne, 1981; vol. II, pp. 96-104 e Castro, *O galeguismo na encrucillada republicana*, vol. I, pp. 114-27.

pragmatismo (ou mesmo oportunismo) da O.R.G.A.⁵⁶. Con respecto á cuestión lingüística, no ámbito F.R.G. obsérvase un abano de actitudes que vai desde a case ostentosa indiferenza ante o galego dun Casares Quiroga ata a acesa defensa do idioma por parte dun sector amplo do partido, aínda que realizada preferentemente en castelán. No ámbito do P.G., a adhesión ao galego é moito máis consecuenta, e inclúe por vía da regra (pero non sempre), o uso constante do mesmo. Arestora non nos imos deter máis nesta cuestión.

Canto ao proceso autonómico, este recibiu un notable pulo durante o ano 1932. A iniciativa partiu do Concello de Santiago, que a 27 de abril realizou unha convocatoria para a elaboración do anteproxecto de Estatuto conforme aos preceptos constitucionais, e culminou coa Asemblea de Concellos Galegos na mesma cidade (17-19 de decembro)⁵⁷, da que por fin saíu aprobado o arelado Anteproxecto. O suceso fora posible grazas fundamentalmente á colaboración dos galeguistas e os republicano-autonomistas. Os primeiros tiveron un papel sobranceiro na elaboración do texto e na dinamización do proceso, mentres que os segundos dispuñan do aparello político e institucional imprescindible para asegurar o apoio da maioría dos concellos ao texto. Entre as forzas republicanas, salienta a oposición polo centro-dereita do Partido Radical e pola esquerda do P.S.O.E., forzas que conseguiron que concellos tan importantes como A Coruña, Vigo, Lugo ou Mondoñedo se manifestasen contrarios á autonomía. Paradoxalmente, as direccións destes dous partidos manifestaron a súa disposición a votar favorablemente o Estatuto Galego se este, superados os pasos previos, daba chegado ao Parlamento español. Pola súa banda, a dereita acolleu o proceso autonómico ben coa indiferencia da Unión Regional de Derechas, axiña vencellada á C.E.D.A., ben co rexeitamento frontal da extrema dereita. Así e todo, a oposición, máis ben pasiva, de todas esas forzas non deu fanado o proceso autonómico, pois o Anteproxecto de Estatuto obtivo o apoio dos dous tercios dos concellos galegos.

6.1. O Anteproxecto de Estatuto de Autonomía de 1932. A fórmula definitiva para a cooficialidade

Da Asemblea municipal celebrada a iniciativa do Concello de Santiago de Compostela o 3 de xullo de 1932 saíu nomeada unha Comisión redactora do Anteproxecto de Estatuto, que unha vez realizado o seu traballo, debía expoñelo á información pública (o que se fixo a primeiros de setembro), para recadar as propostas que particulares ou entidades quixesen presentar. O paso seguinte sería o estudo destas, a súa discusión en Comisión, a preparación dun texto definitivo, e a súa presentación a unha Asemblea de Municipios (que se realizou a mediados de decembro), que debía debatelo e aprobalo. Para analizar

⁵⁶ Vid. sobre isto Bozzo, *Los partidos políticos y la autonomía*, pp. 169-82. No tocante ao último dos aspectos aducidos, téñase en conta que S. Casares Quiroga foi acusado adoitado de prácticas francamente caciquís.

⁵⁷ Sobre a asemblea de Concellos, vid. Vilas Nogueira, *O Estatuto galego*, pp. 164-8; Bozzo, *Los partidos políticos y la autonomía*, pp. 288-304; Castro, *O galeguismo na encrucillada republicana*, vol. II, pp. 594-613; e sobre todo Cores Trasmonte, B., *El Estatuto de Galicia (actas y documentos)*, La Coruña, Librigal, 1976, pp. 35-126. Remitiremos a esta última obra abreviando CORES, *El Estatuto de Galicia (actas y documentos)*.

os discursos xerados arredor da cuestión lingüística, neste caso contamos cunha documentación preciosa, recollida en dous volumes: nun preséntanse as discusións da propia Comisión, co texto do Anteproxecto que se expuxo a información pública⁵⁸; no outro, respóndese ás emendas e proposicións presentadas (que lamentablemente non se reproducen), ao tempo que se xustifican os ditames da Comisión⁵⁹. A documentación é especialmente interesante por dúas razóns: en primeiro lugar, porque a Comisión era de composición heteroxénea, pois nela se atopaban representadas as principais correntes ideolóxicas do momento e as opinións máis diversas verbo da promoción do galego; en segundo lugar, porque a fase de exposición pública deu azo á presentación de emendas de distinto tipo, presentadas por particulares e entidades diversas⁶⁰.

As dúas obras están redactadas en castelán, do cal temos unha tímida xustificación na segunda: tratábase de evitarlle ao público as “dificultades” que podería causar unha redacción en galego. Emporiso, os redactores cren conveniente advertir que “la mayoría de los que la integramos [*a Comisión*] nos expresamos con frecuencia, y algunos habitualmente, en gallego” (p. 38). Endebén, á hora de valorar o feito de que tódolos proxectos de Estatuto a partir do da F.R.G., estivesen redactados en castelán, débese ter en conta dous factores que seguramente tiveron o seu peso⁶¹: o analfabetismo en galego era xeral, mesmo entre as camadas instruídas; e o galego escrito carecía de fixación, pois non existían un código oficial ou oficioso, polo que non parecería moi axeitado redactar en galego un texto de carácter legal como o propio Estatuto.

6.2. A primeira fase da elaboración do Anteproxecto. O ditame da Comisión

Segundo varios testemuños, o papel de Alexandre Bóveda, representante do Partido Galeguista na Comisión redactora foi fundamental en todo o proceso de elaboración do anteproxecto⁶². De feito, el foi practicamente o que elaborou o Título IV, de Facenda

⁵⁸ Vid. *Estatuto de Galicia. Anteproyecto formado pola la comisión nombrada en la Asamblea gallega que se celebró en Santiago de Compostela el día 3 de julio de 1932*, Santiago de Compostela, Tip. El Eco de Santiago, 1932. Este texto, precedido dunha exposición de motivos, e seguido dos votos particulares de S. Montero Díaz e Rodrigo Sanz, reproducíase en García Cotarelo, *A autonomía galega (1846-1981)*, pp. 273-90. Nas citas que ofrecemos remitiremos a este último.

⁵⁹ Vid. *Autonomía Gallega, El Estatuto de Galicia y la Asamblea Regional de Municipios*, Santiago de Compostela, Tip. El Eco de Santiago, 1932. Neste volume, ao que remitiremos nas citas, acompañan o texto do anteproxecto un resumo do proceso estatutario e do desenvolvemento da Asemblea Rexional de Municipios de decembro, a discusión das emendas presentadas e varios apéndice. A nós interésannos especialmente as pp. 16-18 (discusión das emendas), 38-40 (xustificación do ditame sobre as linguas), 57-67 (texto definitivo) e 91 (lista de emendantes). Vid. tamén García Cotarelo, *A autonomía galega (1846-1981)*, pp. 291-365.

⁶⁰ A documentación gárdase no ‘Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento’ de Santiago de Compostela. Lamentablemente, as emendas referidas á lingua galega desapareceron ou están extraviadas, de xeito que nos tivemos que conformar co material impreso.

⁶¹ Dedicamos un breve comentario ao asunto B. Cores Trasmonte, *Las polémicas de Bóveda en la gestión del Estatuto de Autonomía*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1986; pp. 154-55.

⁶² Vid. A. D. R. Castelao: “Collede un exemplar do Estatuto Galego –que non ten a súa firma– i en cada verba d-este documento latexa o esprito e a vontade de Bóveda [...] ben se pode decir que foi Bóveda o héroi de todas as xornadas autonomistas”, en “Un simple recordo”, *A Nosa Terra* 427 (15/VIII/1942): 1. Vid. tamén X. Álvarez Gallego, *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, Buenos Aires, Nós, 1972, pp. 112-38. Vid. B. Cores Trasmonte, *Las polémicas de Bóveda*, pp. 47-54 e 131-52.

Rexional, pero tamén coidamos ver a súa man detrás non só dos artigos referidos ao idioma, mais da xustificación que se ofrece deles na discusión das emendas que se lle presentarían. Pasemos a ver o texto do artigo 4º deste Anteproxecto, que é case xémeo ao do “Estatuto dos Parlamentarios”, salvo que ofrece unha previsión máis, referida ás relacións entre as autoridades de Galicia e as doutras ‘rexións’ ou do Estado:

“Serán idiomas oficiais en Galicia, indistintamente, el castellano y el gallego. Los funcionarios que actúen en la Región deberán conocer el idioma gallego. En las relaciones oficiales con autoridades de otras Regiones y del Estado, el idioma oficial será el castellano” (p. 281).

Pero neste Anteproxecto coidouse conveniente introducir máis especificamente o coñecemento do galego entre as obrigas dos funcionarios do Estado exercentes en Galicia. Así no artigo 14º, que fixa as competencias da ‘Rexión’ galega, apartado c), establece:

“El nombramiento de Notarios se hará por el Poder regional mediante oposición o concurso ajustados a las leyes de la República; y a ellos serán admitidos todos los funcionarios del Cuerpo con iguales derechos, pero *dando preferencia a los que acrediten más perfecto conocimiento de la lengua y de la legislación gallegas*. Los Registradores nombrados por el Estado para servir en Galicia deberán conocer, asimismo, las leyes y el idioma de la Región” (p. 283; a cursiva é nosa).

Nótese que no artigo non só se dá por descontado o coñecemento do galego por parte dos funcionarios, mais no caso dos Notarios, a maior capacitación lingüística en galego aparece como mérito preferente nos oposicións e concursos. Verbo da educación, esquivase o problema da lingua vehicular, asegurando unicamente a obrigatoriedade do ensino do galego (de par do castelán) nos niveis primario e secundario, así coma nas Escolas Normais. Así, o artigo 15º, referido ás competencias do ‘Poder Rexional’ en materia de educación, prevese:

“En las Escuelas primarias de la Región y en las del Estado, será obligatoria la enseñanza de las lenguas gallega y castellana, y en los Institutos y Escuelas Normales se creará la asignatura de Lengua gallega” (p. 283).

Para o nivel universitario e noutros establecementos educativos, ábrese a posibilidade para o estudo e ensino da cultura galega nos seus diversos aspectos:

“En los Establecimientos de enseñanza especiales del Estado y en la Universidad compostelana, la Región podrá sostener o subvencionar Cátedras e instituciones de cultura gallega” (p. 283).

6.3. Os votos particulares de Santiago Montero e Rodrigo Sanz

Os únicos votos particulares que acompañaban o ditame da Comisión procedían dos dous membros da Comisión que en 1931 participaran na elaboración das *Bases* do Secretariado de Galicia en Madrid: Santiago Montero Díaz e Rodrigo Sanz. O primeiro

presentou emenda particular aos artigos en que aparecen referencias ao idioma galego, o 4º e o 15º. O segundo emendou tamén pola súa banda estes dous artigos, e os dous relatores xuntos pretenderon modificar a redacción do outro artigo relevante, o 14º. Por outra banda, os dous presentaron emendas conxuntas a outros artigos do anteproxecto que non nos atinxen directamente. Entrambos comisionados, que seguen fieis á liña desenvolvida nas *Bases* do Secretariado de Galicia en Madrid, néganlle o recoñecemento oficial á lingua galega, e limitáanse a contemplar a protección dalgúns dereitos individuais dos galegofalantes. Con todo, existen diferenzas de matiz entre os dous, pois a posición de R. Sanz é máis restrictiva cá de S. Montero. Imos ver en primeiro lugar os votos particulares do segundo. No tocante á oficialidade da lingua, este propón a seguinte redacción do art. 4º:

“En virtud del artículo 4º de la Constitución será un derecho de los gallegos expresarse en gallego ante toda autoridad y sus agentes, auxiliares o depositarios en Galicia. En las relaciones de los gallegos con autoridades de otra Región o del Estado, la lengua oficial será la española. Todos los funcionarios que actúen en la Región, deberán conocer el idioma gallego” (p. 289).

Segundo isto, a única lingua oficial sería o *español*, aínda que os particulares terían o dereito a empregar o galego en certas situacións, que por certo coidamos que aparecen definidas un pouco confusamente. Canto ao ensino, S. Montero semella que evolucioinou un pouquiño desde a remisa postura do ano anterior⁶³, pois aínda que o seu voto particular ao artigo 15 prevé que “la lengua oficial de la Enseñanza será la española”, fai pequenas concesións ao galego:

“La Región, por concierto con el Estado y bajo inspección de éste, podrá organizar en la Universidad, Escuelas Normales y Especiales, Institutos, y, en general, en cualquier centro docente establecido en Galicia por el Estado, estudios de cultura gallega. Estas asignaturas de sostenimiento regional podrán ser explicadas en gallego, y serán postestativas para los alumnos. En las Escuelas primarias de la Región, será enseñado el idioma gallego como asignatura, disciplinando gramaticalmente a los niños en su conocimiento y uso. En la Universidad, Escuelas normales e Institutos, la Región deberá crear y sostener cátedras de Lengua gallega, asignatura cuya aprobación en el Centro correspondiente será indispensable a todo funcionario público que pretenda actuar en la Región” (p. 289).

Non imos deternos na análise da previsión do establecemento de estudos de cultura galega, que se poderán explicar en galego, pero que serán sempre optativos para os alumnos. Si queremos salientarmos o avance que supón, comparando as propostas do ‘Secretariado’ coas de S. Montero, o paso dun discurso recorrente sobre o “galego usual” a un discurso en que se fala dunha “disciplina gramatical” no seu coñecemento e uso escolares, co que isto supón de recoñecemento da existencia e/ou necesidade de regula-

⁶³ Véxase sobre isto Monteagudo, *Historia social...*, pp. 415-423.

rización dun galego “gramaticalizado”, que transcende unha visión do idioma desestruturada nos seus usos particulares. A máis benevolente inclinación cara ao estudo da lingua galega tamén se manifesta no último parágrafo, en que se postula o deber para os poderes rexionais de crearen e manteren cadeiras de lingua galegas na Universidade, Escolas Normais e Institutos. Asemade, abrolla a preocupación pola eficacia do funcionamento da administración, que cristaliza na insistencia de habilitación en galego para os funcionarios públicos.

Coas súas patentes limitacións, a proposta de S. Montero semella ampla para o idioma galego cando se compara coa de R. Sanz, expresada nunha linguaxe tan restrictiva, ategada de tantas prevencións e cautelas contra o galego, que máis parece que se quere coutar o seu posible desenvolvemento ca facilitar a súa promoción. A inspiración no centralismo das *Bases* do S.G.M. é directa, aínda que a articulación legal está moito máis elaborada cás propias *Bases*. No voto particular de R. Sanz, o artigo 4º queda así:

“La lengua oficial de la Región gallega es la española; pero será un derecho de los gallegos que de hecho no la posean, el expresarse en la regional ante Jueces, Magistrados, Fiscales y agentes, auxiliares y depositarios de la autoridad administrativa o judicial, quienes tendrán la obligación de usar oralmente con dichos ciudadanos en el ejercicio de sus funciones el gallego usual. Los maestros de toda Escuela primaria, rural o de villa, habrán de poseer el gallego usual y usarlo en su Escuela con los niños que aún ignoren el español” (pp. 289-90).

Canto ao artigo 15º, R. Sanz propuña que no seu parágrafo segundo (o primeiro da nosa cita), se suprimise a obrigatoriedade do ensino do galego na educación primaria (Escolas) e secundaria (Institutos), reducíndoa unicamente ás Escolas Normais. A proposta é coherente coa súa redacción do último parágrafo do artigo 4º, en que o emprego do galego só ten un carácter transicional, e en consecuencia é restrinxido á primeira fase da escolarización dos rapaces. Así e todo, non resulta moi congruente co recoñecemento da necesidade de que unha serie de funcionarios públicos posúan unha certa capacitación en galego (por máis que esta se limite á competencia oral nun galego usual). Por parte, nas propostas de R. Sanz percíbese un escrúpulo moi coidadoso por evitar que o galego apareza como unha lingua propiamente dita, no canto dunha simple modalidade de expresión lingüística.

Para rematar con esta sección, citaremos a emenda conxunta ao artigo 14º, c), parágrafo segundo, que rezaba así: “El nombramiento de Notarios se hará por el Poder regional dentro de la legislación del Estado, pero habiendo de recaer en personal que acredite conocer la lengua gallega” (p. 290). Neste caso, trátase de recortar unha previsión legal que podería estimular os aspirantes a Notarios para un máis cabal coñecemento e coidadoso emprego do idioma, e para o estudo da lexislación propia. Pasemos agora a considerar o carácter das emendas que se presentaron ao Anteproxecto na fase de información pública, e mais a fortuna final dos votos particulares e destas emendas, que se decidiría na Asemblea de decembro.

6.4. Emendas presentadas durante a segunda fase de elaboración do Anteproxecto

O artigo 4º do Anteproxecto estatutario foi dos que máis emendas recibiu do conxunto do texto: un total de dezaseis. Delas, sete teñen un carácter máis restrictivo ca o ditame da Comisión redactora, as outras nove coinciden con este na filosofía xeral, pero matizan algún aspecto concreto. Soamente unha ignora frontalmente o galego, ao dispoñer sinxelamente que “el único idioma oficial de la Región gallega será el castellano” (p. 16)⁶⁴. Dúas mostran, segundo a Comisión (que non reproduce o seu texto), “con ligeras diferencias, conformidad con el voto particular de D. Rodrigo Sanz” (*ibidem*)⁶⁵. Outra máis parte deste voto, pero ampliando considerablemente o seu horizonte, pois prevé “exigir a los funcionarios públicos el conocimiento de la lengua gallega” e o bilingüismo escolar, ao tempo que admite que o galego poderá usarse “como instrumento pedagógico en las enseñanzas superiores” (*ibidem*)⁶⁶. Chámanos a atención esta última previsión, que ou utiliza a expresión “instrumento pedagógico” nun senso distinto ao usual e non doadamente adiviñable, ou simplemente carece de sentido, pois presuporía que había alumnos no ensino superior que non estaban dabondo capacitados en castelán como para teren que recibir explicacións ou aclaracións en galego. Unha emenda máis móstrase conforme coa proposta de S. Montero Díaz, aínda que lle engade a aclaración, aparentemente redundante, de que “la obligación para toda clase de funcionarios de conocer el idioma gallego ha de ser sin excepción alguna” (*ibidem*)⁶⁷. Unha das dezaseis emendas sitúase nunha posición moi próxima á das *Bases* do Instituto de Estudos Gallegos, por canto propuña que o idioma oficial de Galicia fose o castelán, aínda que prevía que “dentro del territorio gallego todos los ciudadanos podrán expresarse en sus relaciones oficiales en el idioma vernáculo o en el español, indistintamente” (pp. 16-17)⁶⁸. Xa nos referimos á filosofía de aparencia liberal que inspira este tipo de posicións, nas cales o emprego do galego, aínda que recoñecido oficialmente, déixase á iniciativa exclusiva dos cidadáns.

⁶⁴ Presentouna Manuel Lezón (1856-1934), sonado lexista natural de Celanova, autor de tratados, artigos e conferencias sobre o dereito consuetudinario galego, a cuestión foral e o rexionalismo, entre outros temas. Vid. A. Couceiro Freijomil, *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, 3 vols., Santiago de Compostela, Bibliófilos Gallegos, 1952; vol. II, pp. 285-6. Vid. tamén “Un homenaje en Celanova. Ante la gran figura de D. Manuel Lezón”, *Vida Gallega* 536 (20/X/1932). M. Lezón participou na Asemblea municipal de decembro en Compostela. *EPG* 20/XII/1932: 9, resume a súa intervención nesta: “El sr. Lezón consume otro turno para hablar del castellano y el gallego, como hermanos gloriosos y entona un canto al idioma gallego”. Do ulterior desenvolvemento da Asemblea, deducimos que a emenda de M. Lezón non chegou a votarse.

⁶⁵ Unha proviña do Instituto de Ensino Medio de Ferrol, a outra da agrupación viguesa do Partido Republicano Radical Socialista.

⁶⁶ Presentouna Ramón Ferreiro Lago, notario do Carballiño.

⁶⁷ Presentouna o Partido Republicano Radical Agrario de Pontevedra. Curiosamente, a mesma organización presentou outra emenda ao art. 14 c), que limitaba o acceso aos concursos de notarios e rexistradores aos cidadáns galegos, emenda que non foi considerada por anticonstitucional.

⁶⁸ Presentouna o Partido Republicano Radical Socialista da Coruña.

No outro prato da balanza sitúanse as nove propostas favorables á cooficialidade e o bilingüismo escolar⁶⁹. A Comisión Redactora non discute individualmente estoutras propostas nin fai referencia particular a cada unha delas, limitándose a afirmar que “hubiera preferido un texto general y no casuístico, pues la regulación se haría en el momento oportuno, según la práctica aconsejase, como se hace en todos los países bilingües” (p. 17), sinalando asemade que moitas delas eran coincidentes co Estatuto de Autonomía de Cataluña que as Cortes Constituíntes acababan de aprobar (a 9 de setembro). Varias destas emendas, e concretamente a presentada por M. Banet Fontenla, debían de coincidir na necesidade de que o texto recollese disposicións concretas canto aos documentos oficiais redactados en galego e as súas copias (pp. 17-8), o cal motivou unha considerable ampliación do artigo 4º, que quedou redactado desta maneira:

“Serán idiomas oficiales en Galicia, el castellano y el gallego; pero en las relaciones oficiales de la Región con autoridades de otras Regiones y con las del Estado, se usará siempre el castellano. Todo escrito que se presente a Tribunales y Autoridades redactado en gallego, será reproducido en castellano cuando lo pida parte interesada; y lo mismo se hará en cuanto a resoluciones y notificaciones de todas clases. Las copias de documentos redactados en lengua regional, que los fedatarios escriban en castellano, bien a instancia de parte o porque hayan de producir efectos fuera de Galicia, deberán contener también el texto gallego. Los funcionarios que se designen para actuar en la Región deberán acreditar conocimiento de la lengua gallega” (pp. 57-8).

Como se ve, ademais de introducir disposicións pormenorizadas con respecto aos documentos oficiais (inspiradas, efectivamente, no Estatuto de Autonomía de Cataluña), refundíronse o primeiro e derradeiro parágrafos do texto primitivo e modificouse lixeiramente a redacción do parágrafo relativo á esixencia de coñecemento de galego aos funcionarios. No terceiro parágrafo, tal e como explica a propia Comisión Redactora, xulgouse conveniente, para evitar despesas e inkomodos que lles puidesen causar aos cidadáns os erros na versión ao castelán de textos producidos en galego, que as copias contivesen ademais da tradución castelá o texto galego. Esta previsión supuña un perfeccionamento do que estipulaba o artigo 4º do Estatuto de Cataluña, en que se inspiraba o noso texto⁷⁰. As modificacións do último parágrafo do artigo son dúas, ambas técnicas: a primeira (o cambio de “funcionarios que actúen na Rexión” para “que se designen para actuar na Rexión”) tiña por obxectivo precisar que a esixencia de coñe-

⁶⁹ Presentáronas cinco persoas individualmente (Bernardo Bernárdez, de Vigo; o alcalde de Cervo; Eugenio Gómez Gundín, da Coruña; Federico Maciñeira, de Ortigueira e Manuel Banet Fontenla, de Santiago) e catro entidades (‘Labor Gallega’ de Pontevedra, Partido Republicano Radical Socialista de Ourense, o Colexio de Mestres de Ensino primario de Ferrol e o ‘Partido Republicano Federal y de Izquierda Gallega’, de Santiago). Dos primeiros, só recoñecemos a figura de M. Banet Fontenla, notario afiliado ao Partido Galeguista e autor dun folleto autonomista: M. Banet Fontenla, *A prol Estatuto*, Santiago de Compostela, Nós, 1933.

⁷⁰ O artigo 4º do Estatuto catalán, especificaba no seu parágrafo 6º: “Los documentos públicos autorizados por los fedatarios en Cataluña, podrán redactarse indistintamente en castellano o en catalán; y obligatoriamente en una u otra lengua a petición de parte interesada. En todos los casos los respectivos fedatarios públicos expedirán en castellano las copias que hubieren de surtir efecto fuera del territorio catalán.”

amento da lingua non incluía os funcionarios xa nomeados e actuantes no momento da aprobación do Estatuto (evitando así a colisión cos dereitos adquiridos por estes), mais entraría en vigor só a partir deste momento. A segunda, que consistía na modificación da fórmula “os funcionarios deberán coñecer a lingua galega” para “deberán acreditar coñecemento da lingua galega”, resulta nunha expresión máis concreta e axustada. Na defensa do seu propio ditame, a Comisión Redactora pon énfase en subliñar que o recoñecemento da cooficialidade da lingua galega, que coída unha necesidade “sentida por la gran masa de la población de Galicia”, non foi concebido “con el deseo de desplazar al castellano como lengua oficial”. Por parte, a “condición de país bilingüe” de Galicia aparece positivamente avaliada, pois “encierra posibilidades que se deben aprovechar y constituye un don inapreciable desde el punto de vista cultural”.

6.5. O funcionariado e a lingua galega. Emendas ao artigo 14º c) e redacción final deste

No tocante ás previsións contidas no artigo 14º c), tres emendas visan a cuestión das esixencias lingüísticas que se prevén para Notarios e Rexistradores. Unha, orientada no mesmo senso ca o ditame da Comisión⁷¹, pretendía recoller expresamente que a mesma obriga que se sinalaba para os rexistradores no articulado (“coñecer o idioma da Rexión”) se explicitase para xuíces e maxistrados. Os redactores consideran que o consignado na nova redacción do artigo 4º, máis as previsións do artigo 13º, fan innecesaria tal explicitación. Dúas emendas⁷² pretendían que se omitise o tratamento especial que se daba á cuestión da capacidade lingüística dos notarios, asimilando as obrigas destes ás xerais dos funcionarios establecidas no art. 4º. En contraste co criterio mantido verbo dos xuíces e maxistrados, a Comisión considera:

“Creemos que la especial y delicada función que los Notarios tienen encomendada requiere y justifica cumplidamente nuestra propuesta, porque el simple y vulgar conocimiento no basta para funcionarios que pueden verse obligados a redactar en lengua gallega, y traducir de la misma, documentos cuya importancia no es preciso ponderar.”

En resumidas contas, a redacción definitivamente proposta para o artigo 14 c) nos parágrafos relevantes quedou como segue:

“El nombramiento de Notarios se hará por la Región mediante oposición o concurso convocados por la misma y ajustados a las leyes de la República. A ellos serán admitidos todos los funcionarios del Cuerpo con iguales derechos, pero dando preferencia a los que acrediten más perfecto conocimiento de la lengua y del derecho regionales. Los Registradores de la Propiedad que nombre el Estado para servir en Galicia, deberán acreditar conocimiento de las leyes de la Región, además de lo que se preceptúa en el último párrafo del art. 4º de este Estatuto.”

⁷¹ Presentouna Bernardo Bernárdez, de Vigo.

⁷² Foron presentadas polo Partido Republicano Federal de Izquierda Gallega, de Santiago de Compostela, e por Victorio Magariños, de Pontecesures.

6.6. O galego no ensino. Emendas ao artigo 15 e redacción final deste

A cuestión do bilingüismo escolar e do ensino da lingua galega tamén resultou moi controvertida. Cinco emendas mostrábanse claramente contrarias á introdución do galego no ensino primario⁷³. Dúas delas, as presentadas polo Concello de Gondomar e o Círculo Mercantil e Industrial de Vigo, invocaban por unha banda principios xenéricos, do tipo de que a promoción do galego no ensino se opuña á tendencia da Humanidade cara ao idioma universal, e por outra banda consideracións prácticas a respecto dos prexuízos que tal promoción poderían traer para o comercio e a industria. Outra, a presentada polo Instituto de Ferrol, indicaba que a introdución do galego no ensino ía provocar confusión. As demais non invocaban xustificación ningunha. A explicación que ofrece a Comisión do seu ditame resúltanos particularmente interesante e elucidativa sobre como abordou a cuestión da galeguización do ensino e as finalidades que a esta se lle atribuían. A argumentación desenvolvida é de tipo técnico (isto é, arredada de toda retórica) e práctico (dada a composición política e ideoloxicamente heteroxénea da Comisión), e está presentada con grande sinxeleza, concreción e rigor. Por iso, a Comisión non entra a discutir a fondo os argumentos filosóficos dalgúns emendantes, aínda que sinala, manexando un tópico de innegable impronta galeguista:

“también por el camino de la variedad puede llegarse al internacionalismo de un idioma y quizás mejor que por el de la competencia que se establezca entre unas pocas lenguas que aspiren a una hegemonía cultural” (p. 39).

Pero a Comisión céntrase no plano práctico, da pura pedagogía, aínda que, iso si, deixando constancia de que para unha parte dela (indubidablemente, a nutrida representación galeguista), soborda ese plano, para chegar ao político e mesmo ao sentimental: “para la mayoría de la Comisión, el problema que en este párrafo se plantea es sólo de orden pedagógico, y no un problema político, ni siquiera sentimental –aunque lo sea para algunos de sus miembros” (p. 39). O panorama que se nos ofrece da situación lingüística real é o máis completo e matizado de cantos levamos contemplado. Por unha banda, sinálase que no medio urbano e semiurbano, os alumnos das escolas públicas de procedencia social “modesta” teñen como lingua primeira maioritariamente o galego, e os bilingües presentan un repertorio lingüístico moi empobrecido, xa que o seu castelán está inzado de “vicios”. Por outra banda, no medio rural, o *monoglotismo* (é verba da propia Comisión) en galego é a norma xeral, e o único que consegue a escola castelaniante é a discapacitación lingüística dos rapaces, que rematan falando unha “jerga gallega-castellana” (p. 38). Ante esta realidade, a actitude do Estado era a de “cerrar los ojos, enseñando en castellano, por medio, en muchos casos, de maestros que no eran culpables de desconocer un idioma que no se le había exigido”, idioma que resultaba de coñecemento imprescindible para endereitar os *vicios*, (ou sexa, os fenómenos de inter-

⁷³ Foron presentadas polo Concello de Gondomar, o Círculo Mercantil e Industrial de Vigo, o Instituto de Ensino Medio de Ferrol, Manuel Lezón de Celanova, e o Partido Republicano Radical Socialista de Vigo.

ferencia lingüística) que se manifestaban na fala dos escolinos, pois “sólo los podrá corregir eficazmente el maestro que conozca ambas lenguas” (p. 38).

É notable a obxectividade con que se describe a situación, coa distinción entre os rapaces *bilingües* do medio urbano (nos estratos sociais medios e baixos), aínda que de lingua primeira galega, e os rapaces orixinariamente *monolingües* do medio rural, e a especificación dos distintos efectos da súa ‘submersión’ lingüística no castelán da escola: a adquisición dun castelán fortemente interferido polo galego por parte dos primeiros, a ‘castrapización’ da lingua dos segundos. Destarte, a cuestión da calidade do castelán falado en Galicia, que vimos que tanta paixón era capaz de acender, aparece situada no seu lugar, cabo da cuestión da calidade do galego, e consecuentemente, obxectivada. Ao mesmo tempo, desargállase o argumento de que a escola monolingüe en castelán era a garantía para a capacitación de cara á emigración dos rapaces do medio rural. Pero a Comisión chega máis lonxe, pois por primeira vez considera, aínda que só na teoría, a conveniencia de que o ensino sexa monolingüe na lingua materna nas primeiras etapas do proceso de aprendizaxe, e mesmo que nas etapas medias continúe como lingua vehicular, aprendéndose a outra lingua como simple materia:

“a pesar de estar convencidos de su conveniencia pedagógica, no hemos querido llegar a las soluciones que (según se puede ver en el Informe que publicó la Oficina Internacional de la Enseñanza de Ginebra, y que acaba de ser traducido al castellano^[74]), propugnan gran número de educadores destacados de todos los países en el sentido de que, para que la enseñanza adquiera su máxima eficacia, debe darse exclusivamente en lengua materna hasta los nueve o los doce años, según los casos; edades en que se puede comenzar la enseñanza de las demás lenguas como asignatura.” (p. 39).

Obviamente, foron consideracións políticas as que impediron que un modelo lingüístico inspirado en tales principios se plasmase definitivamente no texto legal, aínda que o Anteproxecto de Estatuto tampouco pechaba esta posibilidade. É por iso que no razoamento da Comisión Redactora coidamos albiscar a dirección que o galeguismo tentaría darlle, se no seu momento tivese ocasión, ao proceso de normalización lingüística do ensino.

Ademais das cinco emendas a que nos referimos antes, presentáronse dúas máis que pretendían que o estudo do galego tivese carácter voluntario⁷⁵, emendas que a Comisión despacha cun razoamento sumario: o carácter facultativo do ensino do galego “equivaldría a dejar planteado el problema, desde el punto de vista pedagógico, en los mismos términos en que la actualidad se encuentra” (p. 39). Dúas emendas apuntaban máis

⁷⁴ Debe referirse aos traballos da Conferencia internacional sobre os problemas psicolóxicos e pedagóxicos do bilingüismo celebrada en Luxemburgo en 1928, organizada pola Oficina Internacional de Educación de Xenebra. Efectivamente, estes traballos foron traducidos ao español e editados en 1932: Oficina Internacional de Educación, *El bilingüismo y la educación* (trad. de V. Valls Anglés), Madrid/ Barcelona, Espasa Calpe, 1932.

⁷⁵ Foron presentadas polo Colexio de Mestres de Ensino Primario de Ferrol e o Sindicato Agrícola de Xermade (Lugo).

lonxe cá Comisión, ao pretenderen que “la obligatoriedad de las lenguas castellana y gallega se extienda a todos los centros docentes del Estado y de la Región” (p. 39)⁷⁶. A redacción é ambigua, pois pódese entender que a *obligatoriedade* que se predica se refire ben ao ensino *en* galego e en castelán ou ben ao ensino *do* galego e do castelán. A réplica da Comisión non despexa tódalas dúbidas:

“creemos que no es cuestión propia de los centros de enseñanzas especiales, a los que debe llegar resuelto el problema del bilingüismo que en la escuela se plantea, aparte de que nada en nuestro Proyecto se opone a que los Profesores utilicen el gallego, como recurso pedagógico, cuando lo estimen conveniente” (p. 39).

A última parte da resposta semella encaixar mellor nunha discusión sobre a lingua vehicular ca sobre o ensino da lingua; pero dá por suposto que a práctica corrente continuaría a ser o emprego do castelán como lingua vehicular nos “ensinamentos especiais” (entendemos por estes dispensados nos centros de formación técnica e profesional e mailas facultades universitarias). Quizais este mesmo suposto subxaza ao conxunto do artigo 15º, e concretamente á previsión do ensino *do* galego e do castelán no ensino básico e medio. Se isto fose así, o marco xeral deseñado para a normalización lingüística do ensino veríase considerablemente devaluado. O máis razoable parece considerar que os redactores preferiron adoptar unha fórmula deliberadamente ambigua, que permitise concitar consenso arredor duns puntos mínimos de acordo, e na que caberían diversos modelos que os responsables da futura administración autonómica terían que definir.

Por último, cinco emendas cuestionaba a conveniencia de que se creasen cadeiras de lingua galega nos Institutos e Escolas Normais, e mais que se contemplase como obrigatorio o estudo da lingua galegas neses centros⁷⁷. A Comisión razoa, con respecto ás Normais, que non sería congruente a voluntariedade no estudo do galego nelas coa obligatoriedade do ensino do galego na primaria. Con respecto aos Institutos, argumenta a Comisión que, establecida a obriga para os funcionarios de acreditaren coñecemento da lingua galega, o ámbito ideal para obtéreno e perfeccionáreno os alumnos galegos que un día aspirasen ao funcionariado era precisamente o dos Institutos de ensino medio. Se o galego non fose materia de estudo obrigatorio neles, “encontrarían dificultades para entrar en su día al servicio de la Región o ejercer cualquiera de las profesiones llamadas liberales” (p. 40). En definitiva, non se introduciron modificacións relevantes nos parágrafos discutidos, aínda que si se ampliou o número de materias con contido referido a Galicia. Deste xeito, a redacción definitiva quedou así:

“En las Escuelas primarias de la Región y en las del Estado, será obligatoria la enseñanza de las lenguas gallega y castellana, y en los Institutos y Escuelas Normales se

⁷⁶ Emendas presentadas por ‘Labor Gallega’ de Pontevedra e mais pola Federación Universitaria Escolar de Santiago de Compostela.

⁷⁷ Presentáronas o Círculo Mercantil e Industrial de Vigo, o Instituto de Ensino Medio de Ferrol, as agrupacións coruñesa e vivesa do Partido Republicano Radical Socialista e o Instituto Nacional da Coruña.

crearán las asignaturas de Lengua, Geografía e Historia de Galicia. En los Establecimientos de enseñanzas especiales del Estado y en la Universidad compostelana, la Región podrá sostener o subvencionar cátedras e instituciones de cultura gallega” (p. 61).

6.7. Visión de conxunto das emendas e dos emendantes

Para obtermos unha panorámica máis clara das distintas posicións perante as cuestións debatidas, imos referirnos aos individuos e grupos que máis destacaron na presentación de emendas. Hai que subliñar que o artigo 14º c), no aspecto que atinxe ás esixencias lingüísticas dos funcionarios, foi o menos cuestionado, polo menos de xeito directo, de todos. No posicionamento contra as demais medidas de oficialización do galego os máis sobranceiros son sen dúbida o Instituto de Ensino Medio de Ferrol e a agrupación viguesa do Partido Republicano Radical Socialista, que presentaron emendas ao artigo 4º e ao artigo 15º. Tanto un coma o outro mostrábanse de acordo verbo do artigo 4º coas demoledoras posicións de R. Sanz (o único idioma oficial sería o castelán), e verbo do artigo 15º, opúñase á introdución do galego no ensino, e consideraba que o estudo *do* galego en Escolas Normais e Institutos debía ter carácter voluntario. Posicións similares, aínda que un pouco menos tallantes, defendían Manuel Lezón e o Partido Republicano Radical Socialista da Coruña. M. Lezón era o único emendante que pretendía que o galego non obtivese absolutamente ningún recoñecemento oficial, e ademais mostrábase totalmente contrario á introdución do galego no ensino primario, aínda que non se molestou en discutir o ensino do galego e a creación de cadeiras de lingua e literatura galega en Normais e Institutos. Os radical-socialistas da Coruña mantiñan unha posición liberal no artigo 4º e preferían que o ensino do galego fose voluntario nos Institutos e Normais, sen cuestionar a introdución do galego nas escolas primarias. Outra institución que salientou na súa oposición á oficialización do galego foi o Círculo Mercantil e Industrial de Vigo, que centraba a súa oposición nos temas relacionados co ensino, tanto na primario coma na secundario⁷⁸.

Entre os emendantes activos a prol do galego, salientan ‘Labor Gallega’ de Pontevedra, o ‘Partido Republicano Federal de Izquierda Gallega’ de Santiago e Bernardo Bernárdez. Unha nota curiosa, que dá idea da escasa disciplina que reinaba no interior dos partidos, ofrécea o Partido Republicano Radical Socialista de Ourense (lembremos que fora coaligado co Partido Nazonalista Republicán ás eleccións de xuño de 1931, nas que saíu elixido R. Otero Pedrayo), que, en contraste coas agrupacións xémeas de Vigo e A Coruña, apoia coa súa emenda o artigo 4º do texto.

6.8. Ás portas da Asemblea Municipal de decembro de 1932.

Outra volta a posición de S. Montero Díaz

Á vista da redacción final acordada para os artigos referentes ao status do galego, era claro que o sector centralista que se atopaba representado na Comisión Redactora non

⁷⁸ A actitude contraria á autonomía da ‘Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación’ de Vigo está nidamente expresada no intercambio epistolar do seu Presidente con Castelao. Vid. Cámara oficial de comercio, industria y navegación de Vigo, *Un siglo al servicio de Vigo*, Vigo, 1986 [sen indicación de páxina].

conseguiu impor os seus puntos de vista. A derradeira posibilidade que tiña de facelo antes de que o proxecto de Estatuto iniciase o seu trámite definitivo de aprobación era a Asemblea Municipal de decembro. Os dous representantes deste sector, S. Montero e R. Sanz, tentarían de levar os seus puntos de vista a esta. Pero dos dous, soamente S. Montero se mostrou decidido ata o final: primeiro, cara á opinión pública, ditou tres conferencias na Universidade de Santiago os días oito, nove e dez de decembro, inmediatamente anteriores á convocatoria asemblearia; despois, presentouse á propia Asemblea a defender as súas posicións, o cal deu azo a un debate agónico entre el e A. Bóveda. Rodrigo Sanz non se presentou á xuntanza municipal, de xeito que as súas emendas decaeron e non foron tidas en conta. Temos ampla referencia das conferencias de S. Montero gracias a *EPG*⁷⁹, decote atento aos debates sobre a autonomía. Na primeira, S. Montero expuxo os alicerces ideolóxicos das súas posicións. O seu punto de vista é, nas súas palabras, a do *nacionalismo español*. Desde este punto de vista, o criterio fundamental do autor era o de apoiar todo o que servise á unidade de España e rexeitar todo o que a empecese. Isto non o levaba a refugar o Estatuto, mais a defender un “concepto integracionista de la autonomía”. Definida sobre eses presupostos, a súa posición era

“luchar porque en el Estatuto gallego no vayan principios que considera totalmente antinacionales y disolventes: cooficialidad de idiomas, autonomía Universitaria y docente, hacienda regional que quebrante la nacional.”

Pero o tema que nos interesa directamente, a oficialidade do galego, foi tratado monograficamente na segunda conferencia. Imos ofrecer unha ampla recensión desta, que coidamos dun extraordinario interese. “Conocida su fórmula general, no hizo sino aplicarla. Su criterio es la oficialidad del español a rajatabla [...] La cooficialidad, dice, es una dignosia, es un desdoblamiento de la conciencia.” A cuestión sitúase en termos estrictamente políticos, nunha concepción uniformista da nación española:

“Para mi el problema no es la defensa del gallego, sino derecho al castellano. El gallego, el catalán, el vasco, son lenguas españolas. Pero el castellano es la lengua española por antonomasia [...] como lengua oficial no puede haber sino una, porque uno es el Estado y uno el poder nacional, esa lengua debe ser la española.”

Esta focaxe puramente política da cuestión preséntase como arredada de calquera consideración sentimental, e atopa o seu esteo fundamental nun criterio de *utilidade*:

“lengua oficial no significa lengua predilecta, sino lengua de las autoridades. No hay que exagerar el sentido de las palabras [...] cuando se eleva una lengua a categoría oficial no es que sea preferida, sino más útil.”

Endebén, do principio de oficialidade única do castelán non se tira a conclusión de que haxa que fomentar o unilingüismo, mais considérase perfectamente compatible co

⁷⁹ Vid. “Ante el Estatuto. Conferencia de S. Montero Díaz en Santiago”, *EPG* (18/xii/1932): 10. A mesma conferencia foi pronunciada en Lugo en xaneiro de 1933. Vid. “Conferencia de S. Montero Díaz en el ‘Comité de Cooperación Intelectual’”, *Vanguardia Gallega* (19/i/1933): 1.

bilingüismo, fundado no respecto dos dereitos da lingua galega, que atopan a súa formulación legal nas emendas que S. Montero defendía, e que xa temos analizado:

“una cosa es que el gallego no deba aparecer como lengua cooficial y otra que no deban consagrarsele derechos estatutarios inalienables. Entre ellos: el de ser hablada por todo gallego; el de ser conocida obligatoriamente por todo funcionario público; el de ser enseñada en todo centro docente, desde la escuela primaria hasta la Universidad.”

S. Montero non valoraba o galego principalmente como un elemento da identidade galega, mais como un valor engadido ao acervo hispánico: “Galicia tiene derecho al castellano y España tiene derecho a que el gallego, valor de la hispanidad, se hable correctamente en Galicia”. Sexa como for, o modelo de bilingüismo deseñado por S. Montero, o que el denomina *bilingüismo popular* para distinguilo do *bilingüismo oficial*, estaría asentado nunha diglosia funcional conscientemente establecida e con vocación de estabilidade:

“Y con tal política, enérgicamente practicada, antes de veinte años, en una Galicia de 1950, se hablarán perfectamente ambos idiomas. A ese bilingüismo popular [...] aspiro con toda mi alma. A un bilingüismo oficial, de ninguna manera.”

Un pregúntase por que razón S. Montero considera que a *cooficialidade* constitúe unha rexeitable *dignosia*, un *desdoblamento de conciencia*, e en troca salva o seu modelo de *bilingüismo popular* de semellante defecto. Fose como fose, na súa opinión, razóns de oportunidade histórica desaconsellaban a consagración da cooficialidade, e convidaban a adoptar a cautelosa política de *rexurdimento* da lingua que o autor propón: “De esta manera se inicia una política de resurgimiento del gallego, y no de improvisación (que eso sería lanzarlo ahora a la cooficialidad).”

6.9. Os debates da Asemblea Municipal de decembro.

O papel de Alexandre Bóveda

Seguiremos o desenvolvemento da discusión sobre o artigo 4º na asemblea municipal de decembro en Compostela a través da información de *EPG*⁸⁰, que foi o xornal que ofreceu unha información máis circunstanciada dela⁸¹. A controversia personalizouse arredor de S. Montero Díaz e Alexandre Bóveda, e deu azo para que o segundo pronunciase un memorable discurso, do que por desgraza soamente coñecemos o resumo de prensa⁸². De contado se verá que nos interesa deternos nela, pois a argumentación de

⁸⁰ Vid. “Galicia ha decidido ser libre. Ayer quedó aprobado su Estatuto”, *EPG* (20/XII/1932): 1 e 9. Vid. tamén CORES, *El Estatuto de Galicia (actas y documentos)*, pp. 69-75. A información do xornal está tirada das Actas da asemblea (que se reproducen literalmente), pero engadíndolles anotacións sobre o ambiente.

⁸¹ *La Voz de Galicia* dá unha versión extremadamente seca e esquemática, ademais de pouco exacta, do debate. Vid. “Terminó la Asamblea del Estatuto en Santiago”, *LVG* (20/XII/1932): 1-2.

⁸² É unha mágoa que a biografía de Álvarez Gallego, *Vida paixón e morte de Alexandre Bóveda*, que nos ofrece con certo pormenor outra das decisivas intervencións de A. Bóveda nesta Asemblea nas páxinas 129-38, non nos forneza máis información sobre a intervención que nos interesa directamente.

cada unha das partes, sobre os razoamentos reiteradamente manexados e para nós sobexadamente coñecidos, achega consideracións relativamente novidosas. A polémica foi decisiva: derrotada a posición de S. Montero neste punto, semella que o bibliotecario da Universidade non tivo folgos para continuar, pois abandonou a defensa das súas emendas aos outros artigos relevantes para o status do idioma galego. Non imos prescindir na exposición das indicacións de ambiente, que dan unha idea moi viva da atmosfera que reinaba na Asemblea.

Na defensa da súa emenda, S. Montero comeza cunha defensa da oficialidade única do castelán, que con argumentos difíciles de enxergar, considera como lingua propia de Galicia. Deste xeito, o pobo galego non tería unha única lingua propia, mais dúas *linguas maternas*. En igualdade de méritos cualitativos entre ámbalas linguas, a escolla do castelán como *lingua das autoridades*, xustifícase con argumentos puramente cuantitativos:

“por razones de índole histórica y filológica el castellano lo considera como lengua nativa de Galicia. Reconoce que el pueblo gallego practica, como maternas, ambas lenguas, pero que el castellano por su mayor difusión debe ser en Galicia lengua de autoridades.”

A seguir, preséntanse os argumentos negativos para o galego, onde fai referencia á situación do seu *corpus*, que o inhabilita de momento para a cooficialidade:

“Expresa su fervor para el idioma gallego, que dice habla toda Galicia, pero sostiene que por causas que no son del caso examinar, aunque pudiera con gran acopio de datos hacerse, el gallego sufre una crisis y adolece de falta de unificación y es por eso por lo que conviene una política constructiva del idioma, pero sin lanzarlo por de pronto a la cooficialidad.”

É notable que S. Montero refugue entrar nas causas da *crise* e da *falla de unificación* do galego, o que permite supoñer que sexan internas. Tamén é notable a súa posición aparentemente *constructiva*, que, literalmente interpretada, conduciría a un cuestionamento a medio prazo do marco macro-sociolingüístico que deseñara na súa conferencia (*unilingüismo oficial / bilingüismo popular*): se o recoñecemento da cooficialidade do galego era simplemente apresurada, e previa a ela debía ser a política *constructiva* do idioma; daquela o *monolingüismo oficial* do castelán non era a situación ideal permanente, mais só conxuntural. Nesta clave coidamos que hai que interpretar a flor envenenada que lanzou o orador: “Estima que actualmente el glorioso idioma gallego, en cuanto a sus exigencias léxicas y gramaticales, es practicado por minorías selectas”. No mesmo sentido hai que entender os eruditos adobíos con que adorna a súa proposta do *bilingüismo popular*, destinado a acariñar os oídos da audiencia: “Dice que la práctica de los [dos] idiomas acredita nuestra fortaleza idiomática, porque el gallego no pudo ser derrotado, y agrega que los romanos se enorgullecían de usar dos idiomas.” A poderosa retórica do bibliotecario da Universidade debeu de producir o efecto desexado, pois o seu discurso “fué aplaudidísimo e impresionó al auditorio.”

A primeira réplica de A. Bóveda en defensa do ditame foi feble, centrándose en aspectos técnicos e esforzándose en demostrar que a Comisión Redactora se ativera escrupulosamente á legalidade, tendo en conta as previsións do Estatuto de Cataluña (que as Cortes Españolas xa sancionaran coa súa aprobación), e que tentara manterse nun xusto medio entre posicións extremas dun e doutro bando:

“Argumentó para ello que la Comisión ha tenido en cuenta el precedente del Estatuto catalán y la existencia real en Galicia de la cooficialidad. [...] Aduce otras razones que aconsejaron a la Ponencia mantener el artículo, significando que la Comisión se ha quedado en el término medio que estima justo, puesto que en la información pública se han presentado numerosas enmiendas mucho más avanzadas que el proyecto, algunas pidiendo incluso la oficialidad del gallego.”

Nesta parte da resposta de A. Bóveda, hai que anotar a confusión entre o status legal que supón a *cooficialidade* e a situación real de *bilingüismo*. A afirmación de que se presentaran *numerosas emendas* que eran *moito máis avanzadas* ca o Anteproxecto, mesmo pedindo a *oficialidade (exclusiva)* eran unha simple trapela, e, á luz dos datos que posuímos, notoriamente inexacta⁸³. Bóveda contestou moi rapidamente aos argumentos de S. Montero sobre as causas da prostración da lingua e sobre as solucións á súa *crise de diferenciación*, que el limita ao terreo da *escrita*, ao tempo que impugnaba o castelán como lingua nativa de Galicia e as razóns cuantitativas que S. Montero ofrecía como explicación da súa imposición no país:

“Dice que la unificación del gallego está elaborándose y que nada de particular tiene que después de haber sido vencido nuestro idioma, más aún que por el mayor radio del castellano, por un centralismo imperialista de cuatro siglos que persiguió al idioma, puede éste sufrir una crisis de diferenciación en la escritura, pero que esto lo está salvando la Academia Gallega.”

Sorpréndenos que se recorra á Academia Galega como a instancia responsable de resolver o problema da fixación do galego escrito, cando era o Seminario de Estudos Galegos, unha entidade moito máis próxima aos galeguistas, quen tomara a iniciativa neste eido. De resto, A. Bóveda adopta o punto de vista da Galicia non urbana, desde o cal o problema da lingua se vía dun xeito moi diferente:

“Añade que el idioma no se puede juzgarle con un criterio de ciudad, pues en Galicia la ciudad es lo menos y que el campo y el mar lo más, y que en el campo y el mar se habla totalmente el gallego, aunque se sepa también el castellano.”

Dá a impresión que esta primeira intervención de A. Bóveda foi recibida con certa

⁸³ Vid. supra, as emendas presentadas na fase de información pública. Segundo unha información que achega *El Pueblo Gallego* (art. cit. do 20/XII/1932: 9), o P.G. presentara na Asemblea unha emenda maximalista, que ao final do debate retirou Filgueira Valverde, en vista de que a Asemblea se manifestaba claramente a prol da cooficialidade. Dá a impresión de que a presentación da emenda era unha estrataxema, que se utilizaría en caso de que o texto da Comisión non tivese a boa acollida que tivo: de presentárense problemas, o P.G. sempre podía facer reserva da súa posición maximalista.

frialdade pola Asemblea, o cal fixo que S. Montero afincase na súa posición, pois retrucou afirmando:

“que no quiere entablar un diálogo técnico y que va solamente a rectificar conceptos y a hacer algunas aclaraciones respecto a su posición que, por principio, se separa de la Ponencia en algo fundamental, aunque nadie le gane en el deseo que el gallego se extienda. Dice que es cuestión de principios. Añade que esta non puede ser una cuestión de transigencias, ni de toma y daca.”

Quizais A. Bóveda se decatou neste intre de que era crucial realizar unha intervención contundente que electrizase a Asemblea, pois en caso contrario, a posición da Comisión, e con ela a cooficialidade do idioma galego, corría un serio perigo. En consecuencia, replicou cun parlamento moito máis incisivo, de ton aceso e tinxido de apelacións emocionais. En primeiro lugar, esgrime razóns históricas, evocando o glorioso pasado da lingua galega, toldado polo oprobioso centralismo monárquico:

“Reconoce que el gallego ha sido desplazado por el castellano, pero nunca por razones de mayor fervor, ni menos de mayor captación [*gralla por* aceptación?], aunque proclama la belleza magnífica del idioma de Castilla, sino porque un centralismo borbónico de cuatro siglos ha impedido el desarrollo de una lengua como la gallega, madre del castellano. Para demostrar su afirmación recurre a razones históricas que expone brillantísimamente y dice que cuando Santiago de Compostela fué corte espiritual de España, entonces el idioma nuestro alcanzó cumbres inmortales. Añade que en él escribió sus Cantigas y algunas de las Partidas el único Rey Sabio que existió en España.”

Ben se bota de ver que o de menos é a exactitude histórica ou filolóxica (o tópico decimonónico da lingua galega como *nai* do idioma castelán xa estaba anticuado neste momento). Interesaba fundamentalmente acender o ánimo do auditorio, e polo medio das retóricas gabanzas ao castelán, deixar escoar connotacións antipáticas relacionadas coas súa intromisión en Galicia. Emporiso, o momento máis brillante do discurso é a súa segunda parte, onde o orador manexa razoamentos de puro senso común, combinados con apelacións á súa experiencia concreta como funcionario, que tiñan que resultar moi próximas á grande maioría da audiencia, para rematar cunha evocación naturalista que tocaba directamente no corazón de cada un dos presentes:

“Pero no es solamente una cuestión de principios y de amor entrañable a la Tierra la que le hace defender el artículo tal como ha sido eclécticamente redactado, sino una dificultad que se derivaría de aceptar la fórmula del sr. Montero, ya que al no adquirir el gallego su carácter de oficial podía ocurrir lo que sucede constantemente al orador que como funcionario habla constantemente el gallego, pero no puede rigoriamente hablando hacerlo con sus jefes, mientras que él ha observado siempre que cuando se acerca a las ventanillas de su oficina un hombre de nuestro agro o de nuestra ribera y que se expresa ante él en un castellano dificultoso, le contesta en gallego y entonces el hombre aquél se transfigura y se siente en su pedazo de valle o en su trozo de montaña.”

O efecto desta alocución, considerada polo cronista como “uno de los mejores discursos de la Asamblea”, foi inmediato e contundente:

“El discurso de Bóveda provoca una enorme ovación, que se reitera varias veces. El debate ha tenido una altura extraordinaria y los comentarios son del máximo elogio para la brillantez de esta sesión, realmente sorprendente”.

O entusiasmo despertado foi tal, que a cuestión quedou definitivamente sentenciada. Producíronse algunhas intervencións máis, pero os oradores que quixeron falar en defensa de emendas restrictivas⁸⁴ bateron cun ambiente francamente hostil, e cando o asunto se puxo a votación, a proposta de S. Montero acadou soamente vintecinco votos⁸⁵, polo que os artigos relevantes foron aprobados sen ningunha modificación. Destarte, a cooficialidade do galego resultaba aprobada por esmagadora maioría nos termos que establecía o Anteproxecto de Estatuto de Autonomía. Na longa loita polo recoñecemento oficial do galego, os seus defensores obtíñan unha victoria histórica, que de momento só quedaba reflectida no papel, pois a hexemonía electoral das dereitas (1933-35), a guerra (1936-1939) e a dictadura (1939-1975) impediron facer efectiva durante case cinco décadas, pero que constituíu un precedente decisivo na hora do restablecemento da democracia e o recoñecemento da autonomía.

7. CABO

A rápida crónica que ofrecemos nestas páxinas dos debates arredor da cuestión do recoñecemento da oficialidade e da galeguización do ensino durante os primeiros e creativos momentos do fuxidío abrollar democrático que supuxo a II República, unida aos outros traballos que citamos ao comezo, permite tentar unhas conclusións que tentaremos resumir en poucas liñas.

1) Ambos asuntos, oficialización e escolarización do idioma galego, recibiron unha notable atención pública, e foron obxecto dunha feroz pugna na opinión. A posibilidade de establecer un réxime de autogoberno galego mediante un estatuto de autonomía, puxo o asunto no primeiro plano do interese político e xornalístico. De feito, de todas cantas cuestións se relacionaron coa autonomía, as vencelladas co idioma se cadra foron as máis arduamente debatidas. Dalgún xeito, pode considerarse unha primeira victoria do movemento galeguista o feito de que a cuestión idiomática se sentise tan intimamente ligada coa da autonomía política.

⁸⁴ Así, M. Portas pretende defender as emendas do ausente R. Sanz, pero non lle son admitidas, pois o regulamento establecía que as emendas debían ser defendidas en persoa polo seu autor.

⁸⁵ S. Montero resentírase da derrota, e, despois de perder varias votacións cruciais, sempre con A. Bóveda enfronte, remataría por retirarse da Asemblea.

2) No tocante á oficialización, os aspectos máis discutidos foron dous: (a) os requisitos que esta impuña aos funcionarios públicos actuantes en Galicia canto ao coñecemento e uso do idioma, (b) o dereito da cidadanía de comunicarse coas institucións públicas no idioma do país. En xeral, o segundo aspecto obtiña un asenso moito máis extenso ca o primeiro. Nunha posición minimalista, prevíase unicamente o emprego do ‘galego usual’ (oral) cos cidadáns que ‘aínda non posuían’ o castelán. A prol das posicións máis esixentes, coma a finalmente aprobada, xogaba moi probablemente a idea (só raramente explicitada) de que os requisitos lingüísticos para acceder ao funcionariado favorecerían aos galegos fronte aos foráneos. En todo caso, é de notar que a fórmula finalmente recollida no proxecto estatutario é máis esixente canto a requisitos lingüísticos do funcionariado, do que a do Estatuto de Autonomía actualmente en vigor.

3) No referente á escolarización (introdución do galego no ensino), as discusións foron máis confusas, pero entre outros asuntos, debateuse sobre : (a) o uso do galego como simple instrumento facilitador da aprendizaxe do castelán (uso instrumental e transicional), (b) a posibilidade e conveniencia de establecer modelos lingüísticos diferentes na Galicia urbana e na rural, (c) a posibilidade e conveniencia de establecer modelos diferentes segundo os niveis de ensino, (d) a necesaria capacitación do profesorado, e por tanto a creación de cadeiras de lingua e literatura galega nas escolas de maxisterio, (e) o establecemento de estudos de cultura galega na Universidade e outros centros de ensino. No asunto da escolarización saíron á tona posicións moi restrictivas, que mesmo se negaban a admitir o uso transicional do galego nas escolas rurais. O que parecía concitar máis consenso era a creación de estudos de cultura, lingua e literatura galega nas Universidades e escolas normais. En xeral, o problema lingüístico tendía a ser contemplado en termos de oposición entre a Galicia urbana e a rural, unha imaxe simplificadora que o informe da comisión redactora do estatuto desmonta con grande lucidez. Canto aos niveis máis axeitados para o uso vehicular do galego, dá a impresión de que tendeu a estimarse como máis axeitado no ensino preescolar (3 a 6 anos) e despois dun primeiro ciclo escolar (a partir dos nove anos). Foi moito menos tratada a cuestión no tocante ao ensino medio e ás ensinanzas especiais.

4) Nos dous aspectos considerados, e en xeral, as resistencias que se opuxeron ao recoñecemento do galego foron moi fortes, ao menos se xulgamos polo testemuño da prensa da época. Detéctanse nelas elementos puramente ideolóxicos e outros de cariz máis ben práctico, aínda que ás veces non é doado dexergalos. Especialmente contradictoria foi a posición do maxisterio, aínda que coidamos que esta, polo menos no primeiro momento, se viu moi influída por consideracións de índole corporativa. Existía un discurso explicitamente españolista e centralista, que identificaba o castelán coa cidade e o progreso, e o galego coa aldea e o atraso, que esgrimía unha xustificación práctica (a emigración á América hispana) para o

uso do castelán na escola rural, e que cuestionaba a ‘lingüicidade’ do galego, insistindo na non-identidade entre o ‘artificial’ galego ‘dos intelectuais’ (ademais, afectado de falta de unificación) e o ‘natural’ galego vernáculo. Este discurso experimentou un notable refinamento por obra de Santiago Montero Díaz, que viña a suxerir que o recoñecemento do galego naquel intre sería prematuro, polo que propuña postergalo. En particular, a falla de elaboración e codificación da lingua representou un punto fraco para os defensores do galego.

5) O discurso galeguista, que no presente traballo a penas foi contemplado, facía fincapé en argumentos igualitarios e democráticos máis ca nos puramente identitarios. Nestes debates defendeuse o galego na escola por razóns fundamentalmente pedagóxicas (o que non sempre acontecera en períodos anteriores), entre as que se incluía unha argumentación sobre a ‘mutua corrupción’ das dúas linguas causada pola deficiente aprendizaxe do castelán e a marxinação do galego. Propugnábase a oficialización do idioma con argumentos de xustiza e eficacia, en nome da maioría galegofalante. O discurso que aparece aquí sitúase, pois, claramente na liña cívico-democrática máis ca na étnico-identitaria.

Non nos determos en reiterar observacións que temos desenvolvido máis de vagar noutros traballos. Deixaremos constancia, iso si, de que a vitoria histórica do recoñecemento do idioma galego no anteproxecto do Estatuto de Autonomía foi froito dun labor tenaz e paciente dunha reducida escol que soubo combinar a pedagogía cívica dirixida á opinión pública e ao conxunto da cidadanía cunha requintada habelencia política aplicada á procura de complicidades en grupos afíns cara á forxa das imprescindibles maiorías, e que fiou o suceso das súas propostas á súa propia capacidade de dialogar, argumentar, convencer e, chegado o caso, pactar. Cando ollamos a Galicia actual, non podemos reprimir unha certa nostalxia por aqueles grupos republicanos progresistas, por aqueles políticos ilustrados e por aqueles intelectuais envorcados na tarefa de construír país, por aquela sociedade civil viva e aberta, pero sobre todo, por aquel Partido Galeguista onde se concentraba a mellor parte, a máis creativa, lúcida e xenerosa, das intelixencias políticas e das sensibilidades artísticas do noso país.